

Proxecto do Decreto ___/202_, do ___ de _____, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Calzado e Complementos de Moda.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, determina que é da competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia o regulamento e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme a alínea primeira do seu artigo 81, o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o número 30 do punto 1 do artigo 149 da Constitución, e da alta inspección precisa para o seu cumprimento e a súa garantía.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ten por obxecto a ordenación dun sistema integral de formación profesional, cualificacións e acreditación que responda con eficacia e transparencia ás demandas sociais e económicas a través das modalidades formativas.

No artigo 10, puntos 1 e 2, da devandita lei establécese que a Administración xeral do Estado, de conformidade co que se dispón no artigo 149.1.30ª e 7ª da Constitución española, e logo da consulta ao Consello Xeral de Formación Profesional, determinará os títulos, os certificados de profesionalidade e demais ofertas formativas, que constituirán as ofertas de formación profesional referidas ao Catálogo nacional de cualificacións profesionais. Os contidos dos correspondentes títulos poderán ser ampliados polas administracións educativas, no ámbito das súas competencias.

No artigo 8.1 establécese, así mesmo, que os títulos de formación profesional e os certificados de profesionalidade terán carácter oficial e validez en todo o territorio do Estado e serán expedidos polas administracións competentes.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no capítulo V do seu título I os principios xerais da formación profesional inicial e dispón no artigo 39.6 que o Goberno, logo da consulta ás comunidades autónomas, establecerá as titulacións correspondentes aos estudos de formación profesional, así como os aspectos básicos do currículo de cada unha delas.

A Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, e a Lei orgánica 4/2011, do 11 de marzo, complementaria da Lei de economía sustentable, introduciron modificacións na Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, e na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, no marco legal das ensinanzas de formación profesional, que pretendéron, entre outros aspectos, adecuar a oferta formativa ás demandas dos sectores produtivos.

O Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, tomando como base o Catálogo nacional de cualificacións profesionais, as directrices fixadas pola Unión Europea e outros aspectos de interese social.

No seu artigo 8 establece que as administracións educativas, no ámbito das sú-

as competencias, establecerán os currículos correspondentes ampliando e contextualizando os contidos dos títulos á realidade socioeconómica do territorio da súa competencia, e respectando o seu perfil profesional.

O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, determina nos seus capítulos III e IV, dedicados ao currículo e á organización das ensinanzas, a estrutura que deben seguir os currículos e os módulos profesionais dos ciclos formativos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Publicado o Real decreto 257/2011, do 28 de febreiro, polo que se establece o título de técnico en Calzado e Complementos de Moda e se fixan as súas ensinanzas mínimas, e de acordo co seu artigo 10.2, correspóndelle á consellería con competencias en materia de educación establecer o currículo correspondente no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Consonte o anterior, este decreto desenvolve o currículo do ciclo formativo de formación profesional de grao medio correspondente ao título de técnico en Calzado e Complementos de Moda. Este currículo adapta a nova titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.

Para estes efectos, e de acordo co establecido no citado Decreto 114/2010, do 1 de xullo, determínanse a identificación do título, o seu perfil profesional, o contorno profesional, a perspectiva do título no sector ou nos sectores, as ensinanzas do ciclo formativo, a correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención, así como os parámetros do contexto formativo para cada módulo profesional no que se refire a espazos, equipamentos, titulacións e especialidades do profesorado, e as súas equivalencias para os efectos de docencia.

Así mesmo, determínanse os accesos a outros estudos, as validacións, exencións e equivalencias, e a información sobre os requisitos necesarios segundo a lexislación vixente para o exercicio profesional, cando proceda.

O currículo que se establece neste decreto desenvólvese tendo en conta o perfil profesional do título a través dos obxectivos xerais que o alumnado debe alcanzar ao finalizar o ciclo formativo e os obxectivos propios de cada módulo profesional, expresados a través dunha serie de resultados de aprendizaxe, entendidos como as competencias que deben adquirir os alumnos e as alumnas nun contexto de aprendizaxe, que lles han permitir conseguir os logros profesionais necesarios para desenvolveren as súas funcións con éxito no mundo laboral.

Asociada a cada resultado de aprendizaxe establécese unha serie de contidos de tipo conceptual, procedemental e actitudinal redactados de xeito integrado, que han proporcionar o soporte de información e destreza preciso para lograr as competencias profesionais, persoais e sociais propias do perfil do título.

Neste sentido, a inclusión do módulo de Formación en centros de traballo posibi-

lita que o alumnado complete a formación adquirida no centro educativo mediante a realización dun conxunto de actividades de produción e/ou de servizos, que non terán carácter laboral, en situacións reais de traballo no contorno produtivo do centro, de acordo coas exigencias derivadas do Sistema nacional de cualificacións e formación profesional.

A formación relativa á prevención de riscos laborais dentro do módulo de Formación e orientación laboral aumenta a empregabilidade do alumnado que supere estas ensinanzas e facilita a súa incorporación ao mundo do traballo, ao capacitalo para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais, establecidas no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención.

De acordo co artigo 10 do citado Decreto 114/2010, do 1 de xullo, establécese a división de determinados módulos profesionais en unidades formativas de menor duración, coa finalidade de facilitar a formación ao longo da vida, respectando, en todo caso, a necesaria coherencia da formación asociada a cada unha delas.

No marco das accións da Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras 2020 (EDUlingüe), para impulsar o ensino e a aprendizaxe de linguas estranxeiras, e segundo o establecido no artigo 16 do citado Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o tratamento do idioma estranxeiro no ciclo formativo de grao medio de Calzado e Complementos de Moda realizarase incorporando ao seu currículo dous módulos de Lingua estranxeira profesional (I e II).

Estes módulos profesionais conteñen a formación necesaria para que o alumnado alcance unha competencia comunicativa eficaz en lingua estranxeira, no relativo ás súas destrezas orais, escritas e de interacción, como persoa usuaria independente. Trátase dunha formación requirida para o desenvolvemento da actividade formativa do alumnado, para favorecer a súa inserción laboral e para o seu futuro exercicio profesional.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, consultados o Consello Galego de Formación Profesional e o Consello Escolar de Galicia, de acordo co / oído o Consello Consultivo e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día _____ de _____ de dous mil _____,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

Este decreto ten por obxecto establecer o currículo que será de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia para as ensinanzas de formación profesional relativas ao título de técnico en Calzado e Complementos de Moda, establecido polo Real decreto 257/2011, do 28 de febreiro.

CAPÍTULO II

Identificación do título, perfil profesional, contorno profesional e perspectiva do título no sector ou nos sectores

Artigo 2. Identificación

O título de técnico en Calzado e Complementos de Moda identifícase polos seguintes elementos:

- Denominación: Técnico en Calzado e Complementos de Moda.
- Nivel: formación profesional de grao medio.
- Duración: 2.000 horas.
- Familia profesional: Têxtil, Confección e Pel.
- Referente europeo: CINE-3 b (Clasificación internacional normalizada da educación).

Artigo 3. Perfil profesional do título

O perfil profesional do título de técnico en Calzado e Complementos de Moda determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais incluídas no título.

Artigo 4. Competencia xeral

A competencia xeral do título de técnico en Calzado e Complementos de Moda consiste en realizar as operacións de corte de peles e materiais para a ensamblaxe, a montaxe e o acabado industrial e á medida de calzado estándar, ortopédico e para espectáculo, e de complementos de moda.

Artigo 5. Competencias profesionais, persoais e sociais

As competencias profesionais, persoais e sociais do título de técnico en Calzado e Complementos de Moda son as que se relacionan:

- a) Interpretar fichas técnicas e manuais de procedemento para cumprir os requisitos da normativa e dar resposta ás solicitudes da clientela.

b) Preparar formas e adaptar padróns para a fabricación de calzado e complementos.

c) Seleccionar materias primas e auxiliares para os procesos de corte, ensamblaxe, montaxe e acabamento de calzado e artigos de marroquinaría.

d) Preparar maquinaria, utensilios e ferramentas para os procesos de fabricación industrial e á medida de calzado e complementos de moda.

e) Cortar pel e outros materiais seguindo as indicacións da ficha técnica e en condicións de calidade e seguridade.

f) Preparar e ensamblar pezas cortadas, seguindo os protocolos establecidos de calidade e seguridade.

g) Montar calzado e complementos de moda de acordo coa ficha técnica e cos criterios establecidos de calidade e seguridade.

h) Acabar e almacenar os artigos, etiquetándoos e referenciándoos de acordo cos protocolos establecidos.

i) Elaborar calzado e complementos para o espectáculo axustados ao figurino e ao tipo de espectáculo, e cumprindo os criterios de calidade e seguridade establecidos.

j) Elaborar calzado á medida e ortopédico axustado á ficha técnica, á prescripción facultativa e ás demandas da clientela, e cumprindo os criterios de calidade e seguridade establecidos.

k) Verificar as medidas finais dos produtos e a súa presentación para a entrega ao/á cliente/a, cumprindo os prazos establecidos.

l) Realizar o mantemento de primeiro nivel en máquinas, equipamentos e ferramentas de fabricación de calzado e complementos de moda, de acordo coa ficha de mantemento.

m) Adaptarse ás novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos, actualizando os seus coñecementos e utilizando os recursos existentes para a aprendizaxe ao longo da vida, e as tecnoloxías da comunicación e da información.

n) Actuar con responsabilidade e autonomía no ámbito da súa competencia, organizando e desenvolvendo o traballo asignado, e cooperando ou traballando en equipo con diferentes profesionais no entorno de traballo.

ñ) Resolver de xeito responsable as incidencias relativas á súa actividade, e identificar as súas causas, dentro do ámbito da súa competencia e autonomía.

o) Comunicarse eficazmente, respectando a autonomía e a competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.

p) Aplicar os protocolos e as medidas preventivas de riscos laborais e protección ambiental durante o proceso produtivo, para evitar danos nas persoas e no contorno laboral e ambiental.

q) Aplicar procedementos de calidade e de accesibilidade e deseño para todas as persoas nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.

r) Realizar a xestión básica para a creación e o funcionamento dunha pequena empresa, e ter iniciativa na súa actividade profesional.

s) Exercer os seus dereitos e cumprir as obrigacións derivadas da súa actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación vixente, participando activamente na vida económica.

Artigo 6. Relación de cualificacións e unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais incluídas no título

1. Cualificacións profesionais completas incluídas no título:

a) Montaxe e acabado de calzado e marroquinaría, TCP143_2 (Real decreto 1087/2005, do 16 de setembro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:

UC0195_2. Recoñecer materias primas e produtos de confección, calzado e marroquinaría.

UC0450_2. Realizar a montaxe e o acabado de artigos de marroquinaría.

UC0451_2. Realizar a montaxe de calzado por diferentes sistemas e acabamentos.

UC0452_2. Realizar a montaxe de calzado por inxección e vulcanización.

b) Fabricación de calzado á medida e ortopédico, TCP467_2 (Real decreto 1224/2010, do 1 de outubro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:

UC1502_2. Seleccionar materias primas, produtos manufacturados, ferramentas e máquinas de fabricación de calzado á medida e ortopédico.

UC1503_2. Adaptar formas base para fabricar calzado á medida e ortopédico.

UC1504_2. Elaborar calzado á medida e ortopédico.

UC1505_2. Adaptar ou elaborar calzado para o espectáculo.

c) Corte de materiais, TCP071_2 (Real decreto 295/2004, do 20 de febreiro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:

UC0195_2. Recoñecer materias primas e produtos de confección, calzado e marroquinaría.

UC0198_2. Cortar tecidos e laminados.

UC0199_2. Cortar peles e coiros.

d) Ensamblaxe de materiais, TCP070_2 (Real decreto 295/2004, do 20 de febreiro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:

UC0195_2. Recoñecer materias primas e produtos de confección, calzado e marroquinaría.

UC0196_2. Ensamblar pezas de tecidos e laminados.

UC0197_2. Ensamblar pezas de peles e coiros.

Artigo 7. *Contorno profesional*

1. As persoas que obteñen o título de técnico en Calzado e Complementos de Moda exercen a súa actividade en empresas e talleres de fabricación industrial de calzado e artigos de marroquinaría, dedicándose á preparación, o corte de materiais, a ensamblaxe, a montaxe e o acabado de calzado e complementos de moda. Do mesmo xeito, poden exercer a súa actividade en establecementos dedicados á elaboración artesanal de calzado á medida, ortopédico e para o espectáculo.

2. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Cortador/ora de pel e coiro.
- Cortador/ora de pezas para aparaxe e montaxe de calzado.
- Cortador/ora de marroquinaría e luvas en pel ou coiro.
- Operador/ora de máquinas cortadoras de pezas de calzado.
- Cortador/ora á man.
- Cortador/ora con máquina.
- Operador/ora de máquinas de preensamblaxe.
- Operador/ora de máquinas de montar, aformar e outras.
- Operador/ora de máquina de vulcanización de pisos de calzado.
- Operador/ora de máquinas de inxección de pisos de calzado.
- Operador/ora de máquinas de acabado de calzado.
- Operador/ora de máquinas para fabricar artigos de marroquinaría.
- Operador/ora de máquina industrial de coser.
- Operador/ora de máquina industrial de bordar (unicabezal e multicabezal).
- Operador/ora de máquina de acolchamento.
- Operador/ora de máquinas de acabado.
- Montador/ora de calzado a máquina.
- Montador/ora de calzado á man.
- Zapateiro/a de calzado á medida.
- Zapateiro/a ortopédico.
- Almacenista.

Artigo 8. *Prospectiva do título no sector ou nos sectores*

1. O sector produtivo onde se sitúa o perfil profesional das persoas coa titulación de técnico en Calzado e Complementos de Moda manterá a súa relevancia no conxunto da industria española, aínda que para iso debe culminar a súa adaptación cara a unha dimensión máis axustada, conseguir unha maior competitividade en produtos de calidade, no deseño, na innovación en produtos, nos procesos e nos sistemas organizativos, así como a internacionalización, tanto da demanda como de provedores dalgúns etapas da cadea produtiva. En concreto, as actividades destes/as profesionais/as evolucionan cara a un incremento da polivalencia e da toma de decisións, podendo participar máis activamente nas funcións de planificación e xestión da calidade.

2. O novo sistema de produción chamado de manufactura flexible (SMF) está a implantarse en empresas de confección para a realización de pequenas series e para unha grande diversidade de produtos. Este sistema adáptase mellor á realidade actual do mercado, xa que posibilita a redución de existencias de proceso e mellora a produtividade, a través dunha planificación e unha xestión continuas da produción. As empresas que o utilizan xeran ordes de traballo para pequenas cantidades de artigos con gran variación de modelos, talles, tecidos e cores.

3. A grande cantidade e diversidade de espectáculos exige unha maior coreografía, tanto en aspectos de deseño de calzado e complementos como nunha boa posta en escena de calidade e chea de pequenos detalles, que cada vez require máis persoal técnico específico para que achegue os seus coñecementos.

4. O mundo das próteses está en continuo cambio, tanto de materiais como de deseño. Requírense uns coñecementos non só de fabricación, senón tamén de composición, de ergonometría, de antropometría e de biomecánica, para adaptar o produto ás necesidades da clientela, tanto ortopédico como á medida.

5. O progresivo cambio nos métodos de produción concentrará nunha mesma persoa un maior número de actividades ou funcións produtivas, chegando nalgúns casos a ensamblar calzado e complementos na súa totalidade. Así mesmo, asumirán funcións de verificación de parámetros de produto en liña de produción, o que lle vai exixir a identificación, a análise e a resolución de problemas relativos ao seu propio traballo.

6. A evolución tecnolóxica está a se consolidar cara á incorporación de novas técnicas de fabricación que exixirán a integración das fases de deseño e produción mediante a aplicación xeneralizada das tecnoloxías da información e da comunicación. En concreto, este proceso de integración implicará o deseño mediante modelos virtuais e a automatización dos procesos de produción.

7. O constante crecemento da industria do calzado e os complementos, asociado a unha gran demanda por parte da persoa usuaria, introduce cambios que exixen unha formación adecuada en actividades de fabricación á medida para mellorar a atención e ofrecer maiores posibilidades comerciais aos establecementos.

8. A práctica totalidade das empresas do sector estarán nun futuro próximo in-

formatizadas. Apréciase un investimento crecente en novas tecnoloxías, o que ha exixir a formación adecuada do persoal nestes campos.

9. No horizonte dos próximos anos, as empresas do sector veranse obrigadas a empregar tecnoloxías de fabricación que non danen o ambiente e que sexan sustentables a longo prazo.

CAPÍTULO III

Ensinanzas do ciclo formativo e parámetros básicos de contexto

Artigo 9. *Obxectivos xerais*

Os obxectivos xerais do ciclo formativo de grao medio de Calzado e Complementos de Moda son os seguintes:

a) Describir as fases do proceso da fabricación de calzado e complementos, en relación coas características do produto final, para determinar as operacións que cumpra executar.

b) Adaptar os padróns para optimizar o corte de tecidos, peles e outros materiais.

c) Identificar as técnicas básicas de elaboración de padróns e prototipos, e describir as características do modelo para a fabricación industrial e á medida de calzado e complementos de moda.

d) Identificar as necesidades de mantemento de máquinas e equipamentos, e xustificar a súa importancia para asegurar a súa funcionalidade.

e) Seleccionar utensilios, ferramentas e accesorios, analizando o proceso de produción e as indicacións da ficha técnica do produto, para preparar as máquinas, os equipamentos e os materiais.

f) Identificar as propiedades e as características máis salientables das materias téxtiles, as peles, os coiros e outros materiais, e describir as súas aplicacións e os criterios de utilización, para obter a calidade desexada.

g) Aplicar técnicas de cortado de diversos materiais e seleccionar os parámetros de corte para a súa optimización.

h) Aplicar técnicas de preparación e aparaxe, e identificar os procedementos e os materiais de unión, para ensamblar compoñentes do calzado e artigos de marroquinaría.

i) Aplicar sistemas de montaxe de calzado e artigos de marroquinaría, e seleccionar materiais, máquinas e equipamentos, para obter produtos axustados ao modelo.

j) Aplicar procedementos de acabado de calzado e artigos de marroquinaría, caracterizar os procesos implicados e seleccionar técnicas, procesos e produtos específicos, para axustar o seu aspecto final ao figurino.

k) Aplicar técnicas de elaboración de calzado á medida e ortopédico, e seleccionar materiais, produtos e técnicas, para obter produtos adaptados ao deseño e á prescripción facultativa.

l) Aplicar técnicas de elaboración ou transformación de calzado e complementos para o espectáculo, e seleccionar materiais, produtos e técnicas, para obter produtos axustados ao figurino e ás exixencias escénicas.

m) Analizar e utilizar os recursos existentes para o aprendizaxe ao longo da vida e as tecnoloxías da comunicación e da información, para aprender e actualizar os seus coñecementos, recoñecendo as posibilidades de mellora profesional e persoal, para se adaptar a situacións profesionais e laborais.

n) Desenvolver traballos en equipo e valorar a súa organización, participando con tolerancia e respecto, e tomar decisións colectivas ou individuais, para actuar con responsabilidade e autonomía.

ñ) Adoptar e valorar solucións creativas ante problemas e continxencias que se presenten no desenvolvemento dos procesos de traballo, para resolver de xeito responsable as incidencias da súa actividade.

o) Aplicar técnicas de comunicación adaptándose aos contidos que se vaian transmitir, á súa finalidade e ás características das persoas receptoras, para asegurar a eficacia do proceso.

p) Analizar os riscos ambientais e laborais asociados á actividade profesional en relación coas súas causas, para fundamentar as medidas preventivas que se adopten e aplicar os protocolos correspondentes, para evitar danos propios, nas demais persoas, ambientais e no contorno.

q) Analizar e aplicar as técnicas necesarias para dar resposta á accesibilidade e ao deseño para todas as persoas.

r) Aplicar e analizar as técnicas necesarias para mellorar os procedementos de calidade do traballo no proceso de aprendizaxe e do sector produtivo de referencia.

s) Utilizar procedementos relacionados coa cultura emprendedora, empresarial e de iniciativa profesional, para realizar a xestión básica dunha pequena empresa ou emprender un traballo.

t) Recoñecer os seus dereitos e deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.

u) Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para desenvolver os valores do principio de igualdade de trato e non discriminación entre homes e mulleres, nin por ningunha outra condición nin circunstancia persoal nin social, así como a prevención da violencia de xénero e o coñecemento da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Artigo 10. Módulos profesionais

Os módulos profesionais do ciclo formativo de grao medio de Calzado e Complementos de Moda, que se desenvolven no anexo I, son os que se relacionan:

MP0116. Principios de mantemento electromecánico.

MP0267. Corte de materiais.

MP0269. Confección industrial.

MP0275. Materias téxtiles e pel.

MP0603. Montaxe e acabado de artigos de marroquinaría.

MP0604. Montaxe e acabado de calzado.

MP0605. Procesos de elaboración de calzado á medida

MP0606. Técnicas de fabricación de calzado á medida e ortopédico.

MP0607. Transformación de calzado para espectáculos.

MP0608. Formación e orientación laboral.

MP0609. Empresa e iniciativa emprendedora.

MPI011. Lingua estranxeira profesional I.

MPI012. Lingua estranxeira profesional II.

MP0610. Formación en centros de traballo.

MP0611. Calzado e tendencias.

Artigo 11. *Espazos e equipamentos*

1. Os espazos e os equipamentos mínimos necesarios para o desenvolvemento das ensinanzas do ciclo formativo de grao medio de Calzado e Complementos de Moda son os establecidos no anexo II.

2. Os espazos formativos establecidos respectarán a normativa sobre prevención de riscos laborais, a normativa sobre seguridade e saúde no posto de traballo, e cantas outras normas sexan de aplicación.

3. Os espazos formativos establecidos poden ser ocupados por diferentes grupos de alumnado que curse o mesmo ou outros ciclos formativos, ou etapas educativas.

4. Non cómpre que os espazos formativos identificados se diferencien mediante pechamentos.

5. A cantidade e as características dos equipamentos que se inclúen en cada espazo deberán estar en función do número de alumnos e alumnas, e han ser os necesarios e suficientes para garantir a calidade do ensino e a adquisición dos resultados de aprendizaxe.

6. O equipamento disporá da instalación necesaria para o seu correcto funcionamento, cumprirá as normas de seguridade e prevención de riscos, e cantas outras sexan de aplicación, e respectaranse os espazos ou as superficies de seguri-

dade que exixan as máquinas en funcionamento.

Artigo 12. *Profesorado*

1. A docencia dos módulos profesionais que constitúen as ensinanzas do ciclo formativo de grao medio de Calzado e Complementos de Moda correspóndelle ao profesorado do corpo de catedráticos e catedráticas de ensino secundario, do corpo de profesorado de ensino secundario e do corpo de profesorado técnico de formación profesional, segundo proceda, das especialidades establecidas no anexo III A).

2. As titulacións requiridas para acceder aos corpos docentes citados son, con carácter xeral, as establecidas no artigo 13 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e se regula o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da devandita lei. As titulacións equivalentes ás anteriores habilitantes para os efectos de docencia, para o ingreso nas distintas especialidades do profesorado, son as recollidas no anexo III B).

3. As titulacións requiridas para a impartición dos módulos profesionais que formen o título, para o profesorado dos centros de titularidade privada ou de titularidade pública doutras administracións distintas das educativas, concréntanse no anexo III C).

A consellería con competencias en materia de educación establecerá un procedemento de habilitación para exercer a docencia, no que se exixirá o cumprimento dalgún dos seguintes requisitos:

a) Que as ensinanzas conducentes ás titulacións citadas engloben os obxectivos dos módulos profesionais, expresados en resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos.

b) Se os devanditos obxectivos non estivesen incluídos, ademais da titulación deberá acreditarse mediante certificación unha experiencia laboral de, polo menos, tres anos no sector vinculado á familia profesional, realizando actividades produtivas en empresas relacionadas implicitamente cos resultados de aprendizaxe. A certificación da experiencia laboral deberá ser xustificada nos termos do artigo 12 do Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral.

4. O profesorado que imparta os módulos de Lingua estranxeira profesional en centros públicos deberá cumprir calquera dos seguintes requisitos:

a) Posuír a especialidade do profesorado da Lingua estranxeira na que se imparta o módulo de Lingua estranxeira profesional.

b) Profesorado con atribución docente no ciclo formativo que posúa a habilitación lingüística que corresponda ao nivel C1 do Marco común europeo de referencia para as linguas, de acordo coa normativa aplicable en Galicia.

5. No caso de que o profesorado encargado de impartir os módulos de Lingua estranxeira profesional non estea integrado nun departamento de linguas, será obrigatoria a súa adscrición ao departamento didáctico da familia profesional á que pertence o ciclo formativo no que imparta o maior número de horas.

6. O profesorado que imparta os módulos de Lingua estranxeira profesional en centros de titularidade privada ou doutras administracións distintas da educativa deberá cumprir os mesmos criterios que os fixados para a habilitación do profesorado que imparte no ensino secundario a lingua estranxeira correspondente, ou cumprir os requisitos para ser habilitado en calquera outro módulo profesional do ciclo formativo asociado, de ser o caso, a algunha unidade de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais, e ademais posúa, para a lingua estranxeira a impartir, unha titulación correspondente ao nivel C1 do Marco común europeo de referencia para as linguas.

CAPÍTULO IV

Accesos e vinculación a outros estudos, e correspondencia de módulos profesionais coas unidades de competencia

Artigo 13. Acceso e vinculación a outros estudos

1. O título de técnico en Calzado e Complementos de Moda permite o acceso directo aos ciclos formativos de grao superior da Formación Profesional do sistema educativo, consonte o establecido no artigo 41.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

2. O título de técnico en Calzado e Complementos de Moda permitirá o acceso aos estudos de bacharelato, e a obtención do título de bacharel pola superación das materias necesarias para alcanzar os obxectivos xerais do bacharelato, consonte o disposto nos artigos 32.2 e 37.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Artigo 14. Validacións e exencións

1. As validacións entre os módulos profesionais de títulos de formación profesional do sistema educativo e os módulos profesionais do título de técnico en Calzado e Complementos de Moda establécense no anexo IV.

Os módulos profesionais Lingua estranxeira profesional I e Lingua estranxeira profesional II do ciclo formativo de grao medio de Calzado e Complementos de Moda poderán ser obxecto de validación, en virtude do disposto no artigo 53.1 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, con calquera outro módulo profesional dos ciclos formativos de grao medio ou de grao superior que teña a mesma denominación, segundo o anexo IV.

Ao abeiro do disposto no artigo 40.5 do Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, determínase que os módulos profesionais de Lingua estranxeira profesional

I e II do ciclo formativo de grao medio de Calzado e Complementos de Moda, sempre que se trate da mesma lingua, poderán ser obxecto de validación con módulos profesionais, e con certificacións e titulacións universitarias, de nivel intermedio (B1) ou superior, segundo o anexo IV.

2. As persoas que tivesen superado o módulo profesional de Formación e orientación laboral, ou o módulo profesional de Empresa e iniciativa emprendedora, en calquera dos ciclos formativos correspondentes aos títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, terán validados os devanditos módulos en calquera outro ciclo formativo establecido ao abeiro da mesma lei.

3. As persoas que obtivesen a acreditación de todas as unidades de competencia incluídas no título, mediante o procedemento establecido no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, poderán validar o módulo de Formación e orientación laboral sempre que:

a) Acrediten, polo menos, un ano de experiencia laboral.

b) Estean en posesión da acreditación da formación establecida para o desempeño das funcións de nivel básico da actividade preventiva, expedida de acordo co disposto no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención.

4. De acordo co establecido no artigo 39 do Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, poderá determinarse a exención total ou parcial do módulo profesional de Formación en centros de traballo pola súa correspondencia coa experiencia laboral, sempre que se acredite unha experiencia relacionada co ciclo formativo de grao medio de Calzado e Complementos de Moda, nos termos previstos no devandito artigo.

Artigo 15. Correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención

1. A correspondencia das unidades de competencia cos módulos profesionais que forman as ensinanzas do título de técnico en Calzado e Complementos de Moda para a súa validación ou exención queda determinada no anexo V A).

2. A correspondencia dos módulos profesionais que forman as ensinanzas do título de técnico en Calzado e Complementos de Moda coas unidades de competencia para a súa acreditación queda determinada no anexo V B).

CAPÍTULO V

Organización da impartición

Artigo 16. Distribución horaria

Os módulos profesionais do ciclo formativo de grao medio de Calzado e Complementos de Moda organizaranse polo réxime ordinario segundo se establece no anexo VI.

Artigo 17. *Unidades formativas*

1. Consonte o artigo 10 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional no sistema educativo de Galicia, e coa finalidade de promover a formación ao longo da vida e servir de referente para a súa impartición, establécese no anexo VII a división de determinados módulos profesionais en unidades formativas de menor duración.

2. A consellería con competencias en materia de educación ha determinar os efectos académicos da división dos módulos profesionais en unidades formativas.

Disposición adicional primeira. *Oferta nas modalidades semipresencial e a distancia do título de técnico en Calzado e Complementos de Moda*

A impartición das ensinanzas dos módulos profesionais do ciclo formativo de grao medio de Calzado e Complementos de Moda nas modalidades semipresencial ou a distancia, que se ofrecerán unicamente polo réxime para as persoas adultas, ha requirir a autorización previa da consellería con competencias en materia de educación, conforme o procedemento que se estableza, e garantirá que o alumnado poida conseguir os resultados de aprendizaxe destes, de acordo co disposto neste decreto.

Disposición adicional segunda. *Titulacións equivalentes e vinculación coas capacitacións profesionais*

1. Consonte o establecido na disposición adicional trixésimo primeira da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, os títulos que se relacionan a seguir terán os mesmos efectos profesionais que o título de técnico en Calzado e Complementos de Moda, establecido no Real decreto 257/2011, do 28 de febreiro, cuxo currículo para Galicia se desenvolve neste decreto:

- Título de técnico auxiliar en Preparación-Aparaxe, rama de Pel, da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa.
- Título de técnico auxiliar en Zapateiro-Troquelador, rama de Pel, da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa.
- Título de técnico auxiliar en Modelista-Padronista Cortador, rama de Pel, da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa.

2. Os títulos que se indican a continuación terán os mesmos efectos profesionais e académicos que o título de técnico en Calzado e Complementos de Moda, esta-

blecido no Real decreto 257/2011, do 28 de febreiro, cuxo currículo para Galicia se desenvolve neste decreto:

- Título de técnico en Calzado e Marroquinaría establecido polo Real decreto 742/1994, do 22 de abril.

3. A formación establecida neste decreto no módulo profesional de Formación e orientación laboral capacita para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais, establecidas no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención.

Disposición adicional terceira. *Regulación do exercicio da profesión*

1. Os elementos recollidos neste decreto non constitúen regulación do exercicio de profesión regulada ningunha.

2. Así mesmo, as equivalencias de titulacións académicas establecidas nos puntos 1 e 2 da disposición adicional segunda hanse entender sen prexuízo do cumprimento das disposicións que habilitan para o exercicio das profesións reguladas.

Disposición adicional cuarta. *Accesibilidade universal nas ensinanzas do título de técnico en Calzado e Complementos de Moda*

1. A consellería con competencias en materia de educación garantirá que o alumnado poida acceder e cursar o ciclo formativo de grao medio de Calzado e Complementos de Moda nas condicións establecidas na disposición derradeira segunda do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

2. As programacións didácticas que desenvolvan o currículo establecido neste decreto deberán ter en conta o principio de “deseño para todas as persoas”. Para tal efecto, han recoller as medidas necesarias co fin de que o alumnado poida conseguir a competencia xeral do título, expresada a través das competencias profesionais, persoais e sociais, así como os resultados de aprendizaxe de cada un dos módulos profesionais.

3. En calquera caso, estas medidas non poderán afectar de forma significativa a consecución dos resultados de aprendizaxe previstos para cada un dos módulos profesionais.

Disposición adicional quinta. *Autorización a centros privados para a impartición das ensinanzas reguladas neste decreto*

A autorización a centros privados para a impartición das ensinanzas do ciclo formativo de grao medio de Calzado e Complementos de Moda exixirá que desde o inicio do curso escolar se cumpran os requisitos de profesorado, espazos e equipamentos regulados neste decreto.

Disposición adicional sexta. *Desenvolvemento do currículo*

1. O currículo establecido neste decreto será obxecto dun posterior desenvolvemento a través das programacións elaboradas para cada módulo profesional, conxuntamente o establecido no artigo 34 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia. Estas programacións concretarán e adaptarán o currículo ás características do contorno socioproductivo, tomando como referencia o perfil profesional do ciclo formativo a través dos seus obxectivos xerais e dos resultados de aprendizaxe establecidos para cada módulo profesional.

2. Os centros educativos desenvolverán este currículo de acordo co establecido no artigo 9 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Disposición transitoria única. *Centros privados con autorización para impartir o ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Calzado e Marroquinaría, ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro.*

A autorización concedida aos centros educativos de titularidade privada para impartir as ensinanzas do título establecido no Real decreto 257/2011, do 28 de febreiro, polo que se establece o título de técnico en Calzado e Complementos de Moda entenderase referida ás ensinanzas reguladas neste decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opongan ao disposto neste decreto.

Disposición derradeira primeira. *Implantación das ensinanzas recollidas neste decreto*

1. No curso 2020-2021 implantarase o primeiro curso das ensinanzas reguladas neste decreto polo réxime ordinario e deixará de impartirse o primeiro curso das ensinanzas do título a que se fai referencia no artigo 1.2 do Real decreto 257/2011, do 28 de febreiro, polo que se establece o título de técnico en Calzado e Complementos de Moda.

2. No curso 2021-2022 implantarase o segundo curso das ensinanzas reguladas neste decreto polo réxime ordinario e deixará de impartirse o segundo curso das ensinanzas do título a que se fai referencia no artigo 1.2 do Real decreto 257/2011, do 28 de febreiro, polo que se establece o título de técnico en Calzado e Complementos de Moda.

3. No curso 2020-2021 implantaranse as ensinanzas reguladas neste decreto polo réxime para as persoas adultas.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo*

1. Autorízase a persoa titular da consellería con competencias en materia de educación para ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento do establecido neste decreto.

2. Autorízase a persoa titular da consellería con competencias en materia de educación para modificar o anexo II B), relativo a equipamentos, cando por razóns de obsolescencia ou actualización tecnolóxica así se xustifique.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, ___ de _____ de _____

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

1. Anexo I. Módulos profesionais

1.1 Módulo profesional: Principios de mantemento electromecánico

- Código: MP0116.
- Duración: 105 horas.

1.1.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Identifica os elementos mecánicos de equipamentos, máquinas e instalacións, e describe a súa función e a súa influencia no conxunto.
 - CA1.1. Identificáronse os mecanismos principais dos grupos mecánicos dos equipamentos e das instalacións.
 - CA1.2. Describiuse a función e as características técnicas básicas dos elementos mecánicos.
 - CA1.3. Describíronse os elementos mecánicos transmisores e transformadores do movemento, e recoñeceuse a súa presenza nos equipamentos de proceso.
 - CA1.4. Clasificáronse os elementos mecánicos en función da transformación que realizan.
 - CA1.5. Describíronse as relacións funcionais dos elementos e das pezas dos grupos.
 - CA1.6. Identificáronse as propiedades e as características dos materiais empregados nos mecanismos.
 - CA1.7. Identificáronse as partes ou os puntos críticos dos elementos e das pezas onde poidan aparecer desgastes, e razoáronse as súas causas.
 - CA1.8. Analizáronse as medidas de prevención e seguridade que cumpra ter en conta no funcionamento dos elementos mecánicos.
- RA2. Recoñece os elementos que interveñen nas instalacións pneumáticas, e analiza a súa función e a súa influencia no conxunto da instalación.
 - CA2.1. Describíronse os usos da pneumática como técnica de aplicación do aire comprimido.
 - CA2.2. Definíronse as propiedades do aire comprimido.
 - CA2.3. Identificáronse os circuítos de produción e tratamento do aire comprimido, e describíronse as misións dos seus elementos principais.
 - CA2.4. Identificáronse as redes de distribución do aire comprimido e os seus elementos de protección.
 - CA2.5. Identificáronse os elementos pneumáticos de regulación e control, e recoñeceuse a súa presenza nas instalacións.
 - CA2.6. Describíronse os elementos pneumáticos de accionamento ou de traballo, e identificouse a súa presenza en equipamentos de proceso.
 - CA2.7. Describiuse o funcionamento de esquemas de circuítos pneumáticos simples manuais, semiautomáticos e automáticos.

- CA2.8. Enumeráronse as anomalías máis frecuentes das instalacións pneumáticas e as súas medidas correctoras.
- CA2.9. Valorouse a utilidade do aire comprimido na automatización dos procesos do sector.
- RA3. Recoñece os elementos das instalacións hidráulicas e describe a súa función.
 - CA3.1. Describíronse os sistemas hidráulicos como medios de produción e transmisión de enerxía.
 - CA3.2. Enumeráronse os principios físicos fundamentais da hidráulica.
 - CA3.3. Enumeráronse os fluídos hidráulicos e as súas propiedades.
 - CA3.4. Relacionáronse os elementos hidráulicos coa súa simboloxía.
 - CA3.5. Identificouse a unidade hidráulica e os seus elementos funcionais e de protección.
 - CA3.6. Relacionáronse os elementos hidráulicos de traballo co tipo de mantemento que cumpra realizar.
 - CA3.7. Describiuse o funcionamento de esquemas de circuítos hidráulicos simples.
 - CA3.8. Valoráronse as vantaxes e os inconvenientes do emprego de instalacións hidráulicas na automatización de proceso do sector.
 - CA3.9. Citáronse as anomalías máis frecuentes das instalacións hidráulicas e as súas medidas correctoras.
- RA4. Identifica os elementos das instalacións eléctricas e describe a súa misión no conxunto da instalación.
 - CA4.1. Describiuse a estrutura básica das instalacións eléctricas de interior.
 - CA4.2. Recoñecéronse os elementos de protección, manobra e conexión dos circuítos eléctricos.
 - CA4.3. Relacionouse o funcionamento de instalacións eléctricas aplicadas aos equipamentos industriais co seu esquema unifilar.
 - CA4.4. Relacionáronse os elementos de protección e manobra co correcto funcionamento e a protección das instalacións eléctricas aplicadas aos equipamentos do sector.
 - CA4.5. Calculáronse magnitudes eléctricas (tensión, intensidade, potencia e caída de tensión, etc.) en instalacións básicas aplicadas do sector.
 - CA4.6. Verificouse a aplicación das instrucións técnicas do REBT nas instalacións eléctricas aplicadas do sector.
 - CA4.7. Recoñecéronse os elementos eléctricos de control e manobra, así como a súa función.
 - CA4.8. Relacionáronse as características eléctricas dos dispositivos de protección coas liñas e os receptores eléctricos que deban protexer.
 - CA4.9. Describíronse as condicións de seguridade e prevención que cumpra aplicar na manipulación dos compoñentes eléctricos e electrónicos.
- RA5. Identifica as máquinas eléctricas e os elementos construtivos que interveñen no acoplamento dos equipamentos industriais do sector, e describe o seu funcionamento e as súas aplicacións
 - CA5.1. Identificáronse as máquinas eléctricas utilizadas nos equipamentos e nas instalacións do sector.

- CA5.2. Clasificáronse as máquinas eléctricas pola súa tipoloxía e a súa función.
- CA5.3. Describiuse o funcionamento e as características das máquinas eléctricas, así como a súa aplicación no sector.
- CA5.4. Relacionouse a información da placa de características coas magnitudes eléctricas e mecánicas da instalación.
- CA5.5. Representouse mediante a súa simboloxía o esquema de conexión (arranque e inversión de xiro) das máquinas eléctricas e as súas proteccións.
- CA5.6. Relacionouse o consumo das máquinas co seu réxime de funcionamento de baleiro e carga, e as súas proteccións eléctricas.
- CA5.7. Verificouse a aplicación das instrucións técnicas do REBT nas instalacións de alimentación das máquinas eléctricas.
- CA5.8. Identificáronse os sistemas de acoplamento das máquinas eléctricas nos equipamentos industriais do sector.
- CA5.9. Relacionáronse os sistemas de suxeición das máquinas eléctricas ao equipamento (tipo de movemento, potencia de transmisión, ruído, vibracións, etc.).
- CA5.10. Describíronse as condicións de seguridade e prevención que cumpra aplicar na manipulación dos circuítos e das máquinas eléctricas en funcionamento.
- RA6. Aplica o mantemento de primeiro nivel tendo en conta a relación dos procedementos utilizados cos equipamentos e coas instalacións implicadas.
 - CA6.1. Describíronse os procedementos de cada operación de mantemento de primeiro nivel (básico) que haxa que realizar sobre os equipamentos.
 - CA6.2. Identificáronse os elementos sobre os que cumpra realizar as operacións de mantemento preventivo ou correctivo de primeiro nivel.
 - CA6.3. Indicáronse as avarías máis frecuentes nos equipamentos e nas instalacións.
 - CA6.4. Identificáronse as ferramentas e os equipamentos necesarios para realizar os labores de mantemento de primeiro nivel.
 - CA6.5. Determináronse as condicións requiridas da área de traballo para intervencións de mantemento.
 - CA6.6. Puxéronse en marcha motores eléctricos, ou inverteuse o sentido de xiro, e medíronse as magnitudes fundamentais durante o proceso.
 - CA6.7. Aplicáronse técnicas de mantemento ou substitución de elementos básicos nos equipamentos e nas instalacións.
 - CA6.8. Rexistráronse no soporte axeitado as operacións de mantemento realizadas.
 - CA6.9. Describíronse as operacións de limpeza, engraxamento e comprobación do estado da instalación e dos equipamentos no mantemento de primeiro nivel.
 - CA6.10. Analizouse a normativa sobre prevención e seguridade relativa ao mantemento de equipamentos e instalacións.

1.1.2 Contidos básicos

BC1. Identificación de elementos mecánicos

- Materiais: comportamento e propiedades dos principais materiais dos equipamentos e das instalacións.
- Nomenclatura e siglas de comercialización.

- Cinemática e dinámica das máquinas.
- Elementos mecánicos transmisores do movemento: descrición, funcionamento, simboloxía e mantemento de primeiro nivel.
- Elementos mecánicos transformadores do movemento: descrición, funcionamento e simboloxía.
- Elementos mecánicos de unión: descrición, funcionamento e mantemento de primeiro nivel.
- Elementos mecánicos auxiliares: descrición, funcionamento e mantemento de primeiro nivel.
- Normas de prevención e seguridade no manexo de elementos mecánicos.
- Valoración do desgaste dos elementos mecánicos: lubricación e mantemento preventivo.

BC2. Recoñecemento de elementos das instalacións pneumáticas

- Circuitos de produción e tratamento do aire comprimido: descrición, elementos, funcionamento, simboloxía, mantemento e medidas de seguridade.
- Redes de distribución do aire comprimido: características e materiais construtivos, mantemento e medidas de seguridade.
- Elementos pneumáticos de regulación e control: descrición, funcionamento, simboloxía, mantemento e medidas de seguridade.
- Elementos pneumáticos de accionamento ou actuadores: descrición, funcionamento, simboloxía, mantemento e medidas de seguridade.
- Lectura dos esquemas de circuitos pneumáticos manuais, semiautomáticos e automáticos.
- Uso eficiente do aire comprimido nos procesos do sector.

BC3. Recoñecemento de elementos das instalacións hidráulicas

- Unidade hidráulica: fundamentos, elementos, funcionamento, mantemento de primeiro nivel e medidas de seguridade.
- Elementos hidráulicos de distribución e regulación: descrición, funcionamento, simboloxía, mantemento e medidas de seguridade.
- Elementos hidráulicos de traballo: descrición, funcionamento, simboloxía e mantemento.
- Lectura de esquemas de circuitos hidráulicos.
- Impacto ambiental das instalacións hidráulicas.

BC4. Identificación de elementos das instalacións eléctricas

- Sistema eléctrico. Corrente trifásica e monofásica.
- Magnitudes eléctricas fundamentais: definición e unidades.
- Relacións fundamentais. Cálculo de magnitudes básicas das instalacións.

- Elementos de control e manobra de circuítos eléctricos: descrición, simboloxía e funcionamento.
- Elementos de protección de circuítos eléctricos: descrición, simboloxía e funcionamento.
- Normativa sobre instalacións eléctricas (REBT) e de prevención de riscos laborais.

BC5. Identificación de máquinas eléctricas e o seu acoplamento en equipamentos industriais

- Máquinas eléctricas estáticas e rotativas: tipoloxía e características.
- Clasificación das máquinas eléctricas: xeradores, transformadores e motores.
- Partes construtivas. Funcionamento.
- Placa de características. Calculo de magnitudes das instalación de alimentación e arranque das máquinas.
- Acoplamentos e suxeicións das máquinas aos seus equipamentos industriais.
- Normativa sobre instalacións eléctricas (REBT) e de prevención de riscos laborais.

BC6. Aplicación de técnicas de mantemento de primeiro nivel

- Operacións de mantemento preventivo: limpeza de filtros, cambio de discos cegos, aperto de pechamentos, acondicionamento de balsas, limpeza de acendedores, engraxamentos, purgas e revisións regulamentarias.
- Operacións de mantemento correctivo (substitución de elementos).
- Normativa sobre instalacións eléctricas (REBT) e de prevención de riscos laborais.

1.1.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional é de soporte, polo que dá resposta á necesidade de achegar unha base teórica e práctica axeitada para a comprensión e a aplicación de técnicas básicas de mantemento de instalacións e equipamentos utilizados no sector.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais d), e), f), h), i), j), k), l) e m) do ciclo formativo, e as competencias d), e), f), g), h), i) e j).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Descrición de materiais e elementos mecánicos.
- Descrición dos principios básicos de electricidade, magnetismo, hidráulica e pneumática.
- Descrición de máquinas eléctricas.
- Principios de mantemento básico dos equipamentos.

1.2 Módulo profesional: Corte de materiais

- Código: MP0267.
- Duración: 213 horas.

1.2.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Realiza marcas de tecidos, peles e outros materiais para o corte, tendo en conta a relación entre a disposición de padróns e a optimización.
 - CA1.1. Analizouse o comportamento no corte de tecidos, peles e outros materiais.
 - CA1.2. Clasificáronse e describíronse as tolerancias dos materiais.
 - CA1.3. Analizáronse os sistemas para estender de tecido en relación ás características do material.
 - CA1.4. Distribuíronse os padróns consonte a súa marca de posición.
 - CA1.5. Efectuáronse marcas e calculouse o rendemento de cada unha ata obter a maior porcentaxe posible de aproveitamento.
 - CA1.6. Realizouse a marca sobre pel consonte as normas esixidas de calidade.
- RA2. Prepara máquinas, equipamentos e instrumentos de corte en confección, xustifica a secuencia de operacións e identifica os parámetros de funcionamento.
 - CA2.1. Interpretouse a información necesaria para preparar o proceso de corte.
 - CA2.2. Realizáronse as operacións de montaxe e desmontaxe dos elementos operativos, así como a lubricación, o engraxamento e a limpeza das máquinas de corte.
 - CA2.3. Afiáronse os elementos cortantes segundo procedementos e normas.
 - CA2.4. Axustáronse os parámetros de corte en función do material que se vaia cortar.
 - CA2.5. Realizouse o mantemento de primeiro nivel das máquinas de corte e a súa ferramenta.
 - CA2.6. Realizouse a preparación e o mantemento con autonomía, orde, método, precisión e adecuación ao tipo de corte e de material.
 - CA2.7. Interpretouse a información técnica nas actividades de preparación.
- RA3. Corta pezas tecidas, pel e outros materiais, e xustifica a técnica seleccionada en función do produto.
 - CA3.1. Estendese o material para o corte de xeito que se eviten deformacións, dobras e tensións.
 - CA3.2. Seleccionouse o sistema de corte consonte as indicacións técnicas.
 - CA3.3. Enumeráronse os parámetros que haxa que controlar na operación de corte para evitar desviacións.
 - CA3.4. Identificouse a secuencia de acordo coa información técnica, o tipo e a cantidade de compoñentes do artigo.
 - CA3.5. Verificouse a calidade dos compoñentes cortados.
 - CA3.6. Comprobouse a correspondencia das pezas cortadas coas sinaladas na orde de produción.

- CA3.7. Clasificáronse, etiquetáronse e empaquetáronse as pezas cortadas segundo a ficha técnica.
- CA3.8. Identificáronse os documentos das operacións de corte.
- CA3.9. Elaborouse a documentación técnica (ordes, incidencias, produción, etc.).
- RA4. Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e ambientais no corte de pezas, e identifica os riscos asociados e as medidas de prevención.
 - CA4.1. Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas, útiles e máquinas de corte.
 - CA4.2. Operouse coas máquinas de corte respectando as normas de seguridade.
 - CA4.3. Identificáronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas e máquinas de corte.
 - CA4.4. Describíronse as medidas de seguridade e de protección persoal que cumpra adoptar na preparación e na execución das operacións de corte.
 - CA4.5. Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas de corte coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.
 - CA4.6. Identificáronse as posibles fontes de contaminación ambiental.
 - CA4.7. Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.
 - CA4.8. Aplicáronse técnicas ergonómicas nas operacións de preparación e corte de tecidos, pel e outros materiais.
 - CA4.9. Clasificáronse os residuos xerados no proceso de corte.

1.2.2 Contidos básicos

BC1. Realización de marcaxes de tecidos, pel e outros materiais para o corte

- Fichas técnicas de marcaxes e de corte.
- Referencias internas e externas dos padróns.
- Estudo de marcaxes: manual e informatizada.
- Distribución dos padróns en diferentes tipos de tecidos e peles.
- Dirección do padrón sobre o tecido.
- Desviación angular.
- Cálculo do rendemento: procedementos de óptimo aproveitamento.
- Orde de corte.
- Comportamento de tecidos, peles e outros materiais no corte.
- Criterios de disposición e preparación dos materiais para o corte e a empaquetaxe.
- Tolerancias e comportamento dos materiais: clasificación.
- Sistemas e equipamentos para o óptimo aproveitamento do corte.

BC2. Preparación de máquinas, equipamentos e instrumentos de corte

- Información técnica para o proceso de corte.

- Máquinas de corte convencional, por presión e por control numérico.
- Máquinas auxiliares de corte.
- Órganos operativos e ferramentas de corte.
- Operacións de montaxe e desmontaxe de compoñentes en máquinas de corte.
- Engraxamento e lubricación das máquinas.
- Elementos cortantes: afiadura, calibre e posta a punto. Normas.
- Programas informáticos de corte: regulación, axuste e aplicación.
- Sistemas de seguridade das máquinas: funcionamento e comprobación.
- Mantemento de primeiro nivel en máquinas e ferramentas de corte en confección.
- Documentación técnica de máquinas e equipamentos.

BC3. Corte de pezas

- Recepción e revisión de primeiras materias: taras.
- Sistemas para estender tecidos e peles.
- Parámetros que interveñen no proceso de corte.
- Técnicas de corte: corte convencional, con coitelas e serra fita, con chorro de auga ou láser, por cuño e informatizado.
- Control de pezas cortadas. Calidade.
- Número de compoñentes.
- Control de medidas.
- Piquetes exteriores e marcas interiores.
- Identificación de pezas: etiquetaxe e empaquetaxe.
- Documentación técnica: fichas técnicas e rexistro de incidencias.

BC4. Cumprimento das normas de prevención de riscos laborais e ambientais

- Normas de prevención de riscos.
- Normativa de seguridade na utilización de máquinas, útiles e equipamentos complementarios de corte.
- Elementos de seguridade implícitos nas máquinas de corte de tecidos.
- Elementos externos de seguridade (luvas metálicas, lentes, etc.).
- Condicións de seguridade do posto de traballo.
- Ergonomía nos procedementos para estender e cortar tecidos.
- Limpeza e conservación das máquinas e do posto de traballo.
- Residuos no proceso de corte.

1.2.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de cortar tecidos e peles nos procesos de confección téxtil.

A función de cortar tecidos e peles abrangue aspectos como:

- Preparación e posta a punto de máquinas e equipamentos.
- Mantemento de primeiro nivel de máquinas e instalacións.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Óptimo aproveitamento de marcadas.
- Corte de materiais.
- Control de calidade de produtos.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), b), c), d), e), f), g), h), m), ñ), p) e q) do ciclo formativo, e as competencias a), b), c), d), e), i), j), l), n), ñ), p) e q).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Organización e secuencia das actividades de traballo a partir da interpretación de fichas técnicas.
- Análise da marcaxe xa feita (manual ou por computador), intentando mellorar o rendemento dos materiais, ou realización da marcaxe con cálculo do mínimo desperdicio de material.
- Preparación do material para cortar.
- Selección, preparación e mantemento de primeiro nivel de maquinaria, ferramentas e útiles dispoñibles na aula-taller para as operacións de corte.
- Formalización de fichas técnicas de produción de artigos ou pezas cortadas, para o seu posterior seguimento no proceso produtivo.

A execución de operacións de preparación e corte de materiais, segundo o proceso e a calidade do produto que se desexe obter, é relativa a:

- Aplicación das medidas de seguridade e dos equipamentos de protección individual na execución operativa.
- Aplicación de criterios de calidade en cada fase do proceso.
- Aplicación da normativa de protección ambiental relacionada cos residuos, os aspectos contaminantes e o seu tratamento.
- Detección de fallos ou desaxustes na execución das fases do proceso mediante a verificación e a valoración do produto obtido.

1.3 Módulo profesional: Confección industrial

- Código: MP0269.
- Duración: 266 horas.

1.3.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Selecciona a información salientable para a confección industrial, para o que interpreta documentación técnica en relación coas características do produto final.
 - CA1.1. Elaboráronse diagramas dos procesos de fabricación.
 - CA1.2. Establecéronse as similitudes e as diferenzas de organización, funcionamento e produción nos procesos industriais.
 - CA1.3. Especificáronse as principais fases e operacións dos procesos.
 - CA1.4. Vinculáronse máquinas e equipamentos que para empregar nas fases do proceso.
 - CA1.5. Interpretouse a documentación relacionada co control de calidade proceso de confección industrial.
- RA2. Prepara máquinas e outros equipamentos de ensamblaxe en confección industrial, e xustifica as variables seleccionadas e os seus valores de consigna.
 - CA2.1. Identificáronse as variables que cumpra regular para controlar o proceso.
 - CA2.2. Recoñecéronse os valores de consigna dos equipamentos e das máquinas do proceso de ensamblaxe na confección industrial.
 - CA2.3. Realizáronse as operacións de montaxe e desmontaxe, lubricación, limpeza, regulación, axuste e carga de programa (máquinas informatizadas), utilizando os procedementos e as técnicas industriais.
 - CA2.4. Efectuouse o cambio de brazos e de pratos en máquinas e en equipamentos de pasar o ferro, de axuste e regulación de presión e vapor, de aspiración, de soprado, de secado ou arrefriamento e de temperatura, en función do material.
 - CA2.5. Realizouse o mantemento de primeiro nivel das máquinas de ensamblaxe e remate.
 - CA2.6. Resolvéronse anomalías sinxelas nas pezas e nos elementos de máquinas de coser ou termofixar, para o que se valorou o seu desgaste ou a súa rotura, e identificáronse as súas causas ou os factores que as provocan.
 - CA2.7. Verificouse a calidade da preparación dos compoñentes (aparencia, exactitude á forma e tipo de rebaxe) e dos aspectos globais (fidelidade ao padrón, localización de bordado, adobío e/ou fornituras).
 - CA2.8. Realizouse a preparación e o mantemento de uso con autonomía, orde, método e precisión.
- RA3. Ensambla compoñentes e fornituras, e describe as técnicas seleccionadas en relación coas características do produto final.
 - CA3.1. Describiuse o procedemento de manexo de máquinas de ensamblaxe na confección industrial.

- CA3.2. Seleccionouse a maquinaria e os accesorios segundo o procedemento de ensamblaxe.
- CA3.3. Seleccionáronse os materiais para a ensamblaxe (tipos de fío e adhesivos).
- CA3.4. Estableceuse a secuencia ordenada das fases da ensamblaxe consonte a información técnica.
- CA3.5. Aplicáronse técnicas de ensamblaxe utilizando diferentes técnicas de unión e tipos de materiais.
- CA3.6. Verificouse a calidade da ensamblaxe ou unión de costuras, a pegadura ou a termoseladura, e corrixióronse as anomalías detectadas.
- CA3.7. Efectuouse a ensamblaxe con autonomía, método, pulcritude e criterio estético.
- RA4. Controla a calidade do proceso, na procura da súa mellora continua.
 - CA4.1. Describíronse os factores que cumpra ter en conta para establecer a calidade dunha peza, ou dun artigo téxtil ou de pel.
 - CA4.2. Identificáronse os tipos estándares de calidade en función dos produtos e dos procesos de confección.
 - CA4.3. Recoñecéronse os controis de calidade aplicables ao funcionamento da maquinaria.
 - CA4.4. Identificáronse as normas de calidade.
 - CA4.5. Valorouse a xestión da calidade.
 - CA4.6. Recoñecéronse os rexistros do sistema de xestión de calidade.
 - CA4.7. Caracterizouse o plan para a mellora continua.
 - CA4.8. Definiuse o procedemento para a análise dos resultados obtidos na revisión do sistema de xestión da calidade.
- RA5. Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e ambientais nos procesos de confección industrial, e identifica os riscos asociados e as medidas de prevención.
 - CA5.1. Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas e útiles para a confección industrial.
 - CA5.2. Respectáronse as normas de seguridade no manexo das máquinas de ensamblaxe en confección industrial.
 - CA5.3. Identificáronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas e máquinas para a ensamblaxe e acabamentos na confección industrial.
 - CA5.4. Describíronse as medidas de seguridade e de protección persoal que se deben adoptar na preparación e na execución das operacións de confección industrial.
 - CA5.5. Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas de ensamblaxe e acabamentos coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.
 - CA5.6. Identificáronse as posibles fontes de contaminación ambiental.
 - CA5.7. Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipos como primeiro factor de prevención de riscos.
 - CA5.8. Aplicáronse técnicas ergonómicas nas operacións de confección industrial.

1.3.2 Contidos básicos

BC1. Información técnica para a confección industrial

- Operacións nos procesos de confección industrial.
- Diagramas e listaxes de fases.
- Organización, funcionamento e produción en procesos industriais de confección.
- Distribución en planta (representación de máquinas e diagramas de percorrido).
- Fichas técnicas.

BC2. Preparación de máquinas e equipamentos de ensamblaxe en confección industrial

- Identificación de maquinaria e equipamentos.
- Máquinas de ciclo fixo e de ciclo variable.
- Máquinas programables de confección industrial.
- Máquinas auxiliares.
- Máquinas de ensamblaxe por termoseladura e pegadura.
- Posta a punto das máquinas de confección industrial.
- Sistemas de seguridade específicos: funcionamento e comprobación.
- Mantemento de primeiro nivel en máquinas e ferramenta de ensamblaxe en confección industrial.
- Cambio de agullas e sistemas de arrastre nas máquinas industriais de confección.
- Galgamento dos elementos móbiles nas máquinas industriais de confección.
- Lubricación e engraxamento das engrenaxes e dos elementos operadores das máquinas de confección industrial.
- Mantemento de primeiro nivel nas prensas e nos ferros do proceso de confección. Caldeiras de vapor. Aire comprimido. Niveis de auga.
- Sistemas de seguridade segundo o tipo e a funcionalidade da máquina.

BC3. Ensamblaxe de compoñentes e fornitureas

- Procedementos de manexo de máquinas de ensamblaxe industrial.
- Sistemas de costura industrial segundo tipo de materiais para ensamblar.
- Tipos e clases de agullas.
- Numeración das agullas.
- Clasificación das agullas en función do modelo ou o tipo de máquina, e segundo o seu número.
- Relación entre agulla e tecido.
- Selección adecuada da agulla segundo o traballo que se realice.
- Tipos e clases de arrastres nas máquinas de confección industrial: simple, dobre, triplo arrastre, por rolos e manual.

- Puntadas e costuras na confección industrial en téxtil e en pel. Norma UNE 40511:2002: puntadas grupo: 100 - 300 - 400 - 500 - 600. Costuras fundamentais: superpostas, engarzadas, reberetadas, no borde e ornamentais.
- Fornituras e apliques na confección industrial.
- Confección de pezas téxtiles: proceso e execución.
- Preparación das peles para a pegada: utensilios.
- Pegada das peles. Produtos: adhesivos e colas.
- Termoseladura.
- Costuras na ensamblaxe de tecidos e pel.
- Características específicas das máquinas para confección de pel.
- Normas de calidade na confección industrial téxtil.

BC4. Control de calidade en procesos

- Concepto de calidade.
- Factores que interveñen na calidade dunha peza ou dun artigo téxtil ou de pel.
- Estándares de calidade.
- Calidade do proceso (máquinas, útiles e ferramentas): controis intermedios.
- Calidade na confección de pezas de pel.
- Recoñecemento dos rexistros do sistema de xestión da calidade.
- Plan para a mellora continua de métodos e tempos.
- Documentación relacionada coa ensamblaxe: fichas técnicas e manual de procedementos.
- Rexistro de incidencias.

BC5. Cumprimento das normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental nos procesos de confección industrial

- Normas de prevención de riscos.
- Normativa de seguridade na utilización de máquinas, útiles e equipamentos complementarios de ensamblaxe e acabamentos na confección industrial.
- Normas de seguridade nas operacións con adhesivos.
- Normas de seguridade individual e ambiental na utilización de produtos químicos en tratamentos especiais de acabamentos.
- Normas de seguridade para a almacenaxe de pezas e artigos téxtiles e de pel.
- Elementos de seguridade implícitos nas máquinas de ensamblaxe e remate na confección industrial.
- Elementos externos de seguridade (luvas metálicas e lentes).
- Condicións de seguridade do posto de traballo.
- Ergonomía na confección industrial.

- Orde, limpeza e conservación do posto de traballo.

1.3.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de confección industrial de tecidos e artigos de téxtil ou de pel.

A función de confección industrial abrangue aspectos como a execución dos procesos de ensamblaxe de materiais, o control de calidade das operacións de ensamblaxe, e o mantemento de usuario ou de primeiro nivel.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Interpretación de fichas técnicas e de produción.
- Preparación e posta a punto de máquinas.
- Preparación dos materiais.
- Organización do posto de traballo.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), b), c), i), l), m), ñ), p) e r) do ciclo formativo, e as competencias a), b), d), f), i), j), l), m), n), ñ), p) e q).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Organización e secuencia das actividades de traballo a partir da ficha técnica na confección industrial.
- Selección, preparación e mantemento de primeiro nivel da maquinaria, as ferramentas e os útiles dispoñibles na aula-taller para as operacións de ensamblaxe e acabamentos na confección industrial.

A execución de operacións de ensamblaxe industrial, segundo o proceso e a calidade do produto que se desexa obter, é relativa a:

- Aplicación das medidas de seguridade e dos equipamentos de protección individual na execución operativa.
- Aplicación de criterios de calidade en cada fase do proceso.
- Aplicación da normativa de protección ambiental relacionada cos residuos, os aspectos contaminantes e o seu tratamento.
- Detección de fallos ou desaxustes na execución das fases do proceso mediante a verificación e a valoración do produto obtido.

1.4 Módulo profesional: Materiais téxtiles e pel

- Código: MP0275.
- Duración: 187 horas.

1.4.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Recoñece materias téxtiles, e describe as súas propiedades e as súas aplicacións.
 - CA1.1. Identificáronse os tipos de fibras e de fíos.
 - CA1.2. Clasificáronse as materias téxtiles segundo a súa natureza.
 - CA1.3. Definíronse as características e as propiedades das materias téxtiles.
 - CA1.4. Definíronse os parámetros básicos de materias téxtiles.
 - CA1.5. Describíronse os defectos máis usuais nas materias téxtiles.
 - CA1.6. Recoñeceuse a normativa de simboloxía das materias téxtiles.
 - CA1.7. Describíronse os usos e as aplicacións das materias téxtiles.
- RA2. Recoñece peles e coiros de aplicación na fabricación de artigos ou uso industrial, e identifica a súa orixe, as súas calidades e os seus defectos.
 - CA2.1. Identificáronse os tipos de peles e coiros segundo a súa natureza.
 - CA2.2. Expresáronse as características das peles coa terminoloxía, as medicións e as unidades propias.
 - CA2.3. Describiuse o proceso de curtume de peles e coiros e sinaláronse os produtos de entrada e saída.
 - CA2.4. Describíronse os acabamentos, e indicáronse as substancias que se empregan e as características que lles confiren ás peles e aos coiros.
 - CA2.5. Sinaláronse os defectos máis comúns en coiros e peles debidos á súa natureza e ao proceso de transformación.
 - CA2.6. Valoráronse as repercusións dos defectos e das anomalías máis frecuentes que inciden nas características do produto final.
- RA3. Identifica elementos complementarios en relación coas súas aplicacións en confección, calzado e marroquinaría.
 - CA3.1. Identificáronse accesorios en confección e calzado.
 - CA3.2. Identificáronse elementos de recheo, de reforzo, de suxeición, etc.
 - CA3.3. Recoñecéronse fornituras e avíos (orla, entremedio, bies, etc.).
 - CA3.4. Identificáronse tipos de adobíos.
 - CA3.5. Relacionouse o elemento complementario coa súa función.
 - CA3.6. Observouse a adecuación dos elementos complementarios ao modelo.
- RA4. Aplica técnicas e especificacións de conservación de materiais de confección, calzado e marroquinaría, en relación coas súas características, as propiedades e o estado.
 - CA4.1. Relacionouse a natureza de materias, produtos téxtiles, peles e coiros coas condicións ambientais de conservación e almacenaxe.

- CA4.2. Identificáronse os tipos de materias, produtos, peles e coiros na súa embalaxe ou presentación comercial.
- CA4.3. Identificouse a simboloxía de composición de materias, produtos téxtiles, peles e coiros.
- CA4.4. Recoñeceuse a simboloxía de conservación e as instrucións de uso de materias, produtos téxtiles, peles e coiros.
- CA4.5. Verificáronse as especificacións da etiqueta do material ou do produto.
- CA4.6. Aplícase a normativa sobre riscos laborais e seguridade ambiental relativa á manipulación e a almacenaxe de materias, produtos téxtiles, peles e coiros.
- RA5. Identifica os téxtiles técnicos e outras materias específicas, e describe as súas características e as súas aplicacións.
 - CA5.1. Identificáronse as áreas máis representativas onde interveñen os téxtiles técnicos (automoción, xeotéxtiles, agro, construción, protección persoal, etc.).
 - CA5.2. Recoñecéronse os seus usos e as súas aplicacións.
 - CA5.3. Valorouse a importancia dos téxtiles técnicos no sector da confección.
 - CA5.4. Definíronse as funcións dos chamados produtos de vestir intelixentes.
 - CA5.5. Identificáronse novas tendencias en produtos téxtiles e pel.

1.4.2 Contidos básicos

BC1. Recoñecemento de materias téxtiles

- Fibras, fíos e tecidos.
- Tipos e clasificación materias téxtiles.
- Características e propiedades materias téxtiles.
- Parámetros básicos dos materias téxtiles.
- Aplicación e uso.
- Simboloxía normalizada.
- Tipos e defectos máis comúns.
- Procedementos de identificación de materias téxtiles.
- Equipamentos e instrumentos de identificación.
- Esquemas dos procesos de obtención de materias téxtiles
- Tratamentos de ennobrecemento: tipos, características e propiedades conferidas aos produtos téxtiles.

BC2. Recoñecemento de peles e coiros

- Natureza e características.
- Estrutura e partes da pel.
- Tipos de peles: segundo a raza do animal, polas características superficiais e polo tipo de remate.
- Esquema do proceso de curtume.

- Tratamentos previos ao curtume: conservación e ribeira. Parámetros e características que inflúen no tratamento.
- Curtume: vexetal, con cromo e con substancias sintéticas.
- Tintura e engraxamento.
- Secado e remate: tipos, características e parámetros.
- Características e propiedades das peles curtidas.
- Procedementos de identificación das peles curtidas.
- Aplicacións das peles rematadas na fabricación de artigos.
- Defectos nas peles: en bruto, curtidas e de fabricación.
- Manipulación e clasificación comercial.
- Limpeza e mantemento.

BC3. Identificación de elementos complementarios

- Natureza e características.
- Presentación comercial de elementos complementarios.
- Gornicións e avíos: orla, entremedio, fita, biés, cordón, pasamanaría, etc.
- Complementos: cremalleiras, botóns, voantes, reberetes, vivos, vañías, bispeis, etc.
- Complementos de recheo ou reforzo: acolchamento, flanela, crina vexetal, plumas, etc.
- Aplicación de elementos complementarios na fabricación de artigos.

BC4. Conservación, almacenaxe e manipulación

- Conservación e vida útil das materias e dos produtos téxtiles.
- Axentes que acurtan ou perturban a vida útil.
- Condicións óptimas de almacenaxe e conservación: temperatura, humidade e iluminación.
- Criterios de manipulación: simboloxía.
- Criterios de almacenaxe e transporte: amoreamento e incompatibilidade.
- Presentación comercial das materias e dos produtos téxtiles.
- Normas de identificación: simboloxía e nomenclatura.
- Normativa sobre a etiquetaxe de composición e de conservación.
- Riscos laborais e normativa de seguridade ambiental en manipulación, almacenaxe e transporte.

BC5. Identificación de téxtiles técnicos

- Características dos materiais dos téxtiles técnicos.
- Aplicación dos téxtiles técnicos.
- Sectores de aplicación.
- Innovación de acabamentos.

- Produtos e artigos intelixentes de confección e calzado: identificación, aplicacións e tendencias futuras.

1.4.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de produción de calidade na confección industrial e á medida.

A función de produción da calidade na confección abrangue aspectos como:

- Recepción de materias primas.
- Almacenaxe, conservación e tratamento de produtos. Expedición.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Recoñecemento de materias e produtos téxtiles segundo a natureza, a estrutura, as características, as propiedades e as aplicacións.
- Identificación dos procesos básicos de fabricación dos produtos téxtiles.
- Valoración dos defectos e das anomalías máis frecuentes.
- Conservación, presentación comercial e etiquetaxe.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), f), g), k) e l) do ciclo formativo, e as competencias a), i), k) e l).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Identificación de materiais téxtiles, a súa natureza e as variedades, a clasificación e os parámetros básicos e estruturais.
- Descrición dos procesos produtivos para a obtención de diversos produtos, prestacións e aplicacións.
- Detección dos defectos máis comúns e das súas repercusións.
- Descrición dos procedementos de conservación e almacenaxe de materiais téxtiles, relacionando as súas características e as condicións de manipulación.

1.5 Módulo profesional: Montaxe e acabado de artigos de marroquinaría

- Código: MP0603.
- Duración: 87 horas.

1.5.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Prepara os compoñentes dos artigos de marroquinaría, axustándose ao deseño do produto final.
 - CA1.1. Interpreouse a información da ficha técnica.
 - CA1.2. Elaboráronse diagramas dos procesos de montaxe e acabado de artigos de marroquinaría.
 - CA1.3. Secuenciáronse as operacións do proceso de preparación.
 - CA1.4. Preparáronse placas, foles, forros, asas, correas, pechamentos e solapas.
 - CA1.5. Comprobase que a preparación se axuste ao deseño especificado na ficha técnica.
 - CA1.6. Aplicáronse as medidas de seguridade para o uso de adhesivos e tinturas, e para o manexo de ferramentas e da maquinaria específica.
- RA2. Prepara máquinas, equipamentos e instrumentos de montaxe e acabado de artigos de marroquinaría, e xustifica as variables e os accesorios seleccionados.
 - CA2.1. Identificáronse as máquinas e as ferramentas para a montaxe e o acabado de artigos de marroquinaría.
 - CA2.2. Interpretáronse os manuais e a información referentes ao funcionamento, á utilización e á posta a punto das máquinas de montaxe e de acabado de artigos de marroquinaría.
 - CA2.3. Preparáronse materiais, utensilios e ferramentas para a montaxe e o acabado de artigos de marroquinaría.
 - CA2.4. Puxéronse a punto e preparáronse máquinas, ferramentas e utensilios necesarios para as operacións da montaxe e acabado de artigos de marroquinaría.
 - CA2.5. Realizouse a preparación e a posta a punto con autonomía, orde, método e precisión.
 - CA2.6. Aplicáronse as medidas de seguridade na preparación de máquinas, equipamentos e instrumentos.
- RA3. Monta artigos de marroquinaría axustándose aos modelos e aos padróns.
 - CA3.1. Seleccionáronse materiais, accesorios e compoñentes para cada tipo de montaxe ou pechamento.
 - CA3.2. Identificáronse os sistemas de montaxe e os seus procesos.
 - CA3.3. Organizáronse as operacións de montaxe ou pechamento de acordo coa ficha técnica, co artigo que se vai a fabricar, cos medios e cos materiais dispoñibles.
 - CA3.4. Montáronse ou pecháronse as pezas do artigo mediante diversos sistemas (invertido, sobreposto, adaptado e plano).

- CA3.5. Realizáronse os procedementos con autonomía, orde, método e precisión.
- CA3.6. Aplicáronse as medidas de seguridade na montaxe de artigos de marroquinaría.
- CA3.7. Verificouse a calidade da montaxe ou do pechamento, tanto nos seus aspectos técnicos como nos globais, e corríronse as anomalías detectadas.
- RA4. Adapta pezas e materiais semiacabados a artigos de base ríxida.
 - CA4.1. Identificáronse os tipos de bases para adaptar e os seus procesos.
 - CA4.2. Seleccionáronse os materiais e os accesorios para cada tipo de artigo, e as súas bases de montaxe.
 - CA4.3. Organizáronse as operacións de adaptación ás bases dos materiais ou dos artigos preparados e semiacabados.
 - CA4.4. Adaptáronse os materiais e os accesorios aplicando distintas técnicas segundo os tipos de base (estoxos, caixas, boquillas ou moldes).
 - CA4.5. Aplicáronse as medidas de seguridade na adaptación de artigos.
 - CA4.6. Verificouse a calidade do forrado e da adaptación de materiais e accesorios, tanto nos seus aspectos técnicos como nos globais.
- RA5. Acaba os artigos de marroquinaría e xustifica os produtos e as operacións para a súa presentación final.
 - CA5.1. Describíronse as técnicas de acabado de artigos de marroquinaría.
 - CA5.2. Seleccionáronse os produtos, as máquinas e os accesorios necesarios para o acabado de artigos de marroquinaría.
 - CA5.3. Aplicáronse os accesorios sinalados na ficha técnica.
 - CA5.4. Realizouse o acabado para a presentación final do artigo.
 - CA5.5. Aplicáronse os procedementos con autonomía, orde, método e precisión.
 - CA5.6. Aplicáronse as medidas de seguridade no acabado de artigos de marroquinaría.
 - CA5.7. Verificouse a calidade do acabado, tanto nos seus aspectos técnicos como nos globais, e corríronse as anomalías detectadas.
 - CA5.8. Etiquetáronse e envasáronse os produtos terminados.

1.5.2 Contidos básicos

BC1. Preparación de compoñentes dos artigos de marroquinaría

- Fichas técnicas e de produción na montaxe de artigos de marroquinaría.
- Fichas técnicas e de produción no acabado de artigos de marroquinaría.
- Manexo de peles, tecidos, plásticos, adhesivos, pegamentos, tinturas e disolventes.
- Preparación de pezas para a montaxe ou a adaptación.
- Bandoleiras, asas, foles, forros, correas, pechamentos e solapas.
- Operacións de preparación.
- Normas de seguridade.

BC2. Preparación de máquinas e equipamentos de montaxe e acabado de artigos de marroquinaría

- Materiais, utensilios e ferramentas.
- Máquinas e accesorios de coser pel, colocar forros e pechar foles e bocas.
- Utensilios: tenaces, coitelas, garfos e compases de dobre punta.
- Interpretación dos manuais.
- Posta a punto de máquinas para a montaxe e o acabado de artigos de marroquinaría, con autonomía, orde, método e precisión.
- Normas de seguridade.

BC3. Montaxe de artigos de marroquinaría

- Selección de materiais e accesorios.
- Sistemas de montaxe.
- Organización das operacións de montaxe e pechamento (invertido, sobreposto, adaptado ou plano) de acordo coa ficha técnica.
- Montaxe das pezas interiores e exteriores.
- Montaxe de bolsos de diversos usos.
- Montaxe de carteiras (de executivo, de colexial e attaché).
- Montaxe de diversos traballos especiais en marroquinaría.
- Montaxe de compoñentes de formas, características e uso diferentes.
- Control da calidade en cada operación do proceso.
- Condicións de seguridade.

BC4. Adaptación manual de materiais e de pezas semiacabadas a artigos de bases ríxidas (estoxos, caixas, moldes e boquillas)

- Tipos base para a montaxe e os seus procesos.
- Adaptación de pezas semiacabadas a boquillas.
- Técnicas aplicables segundo os tipos de artigos para adaptar (estoxos, caixas e boquillas).
- Funcionamento de boquillas e pechamentos.
- Correcta adaptación das pezas.
- Medidas de seguridade.
- Control de calidade.

BC5. Acabamento de artigos de marroquinaría

- Técnicas de acabado.
- Máquinas e accesorios para o acabado de artigos de marroquinaría.
- Colocación de apliques e de asas.

- Limpeza de artigos de marroquinaría segundo o tipo dos materiais.
- Acabamentos para a presentación final do artigo de marroquinaría (etiquetaxe, recheo do artigo e embolsamento).
- Condicións de seguridade.
- Control de calidade final dos artigos de marroquinaría acabados.
- Documentación: tipos; formalización.
- Aplicación dos procedementos con autonomía, orde, método e precisión.

1.5.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de montaxe e acabado de artigos de marroquinaría.

A definición destas funcións abrangue aspectos como:

- Execución dos procesos de montaxe e de acabado de artigos de marroquinaría.
- Control de calidade das operacións de montaxe e acabado de artigos de marroquinaría.
- Mantemento de usuario/a ou de primeiro nivel.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Interpretación de fichas técnicas e de produción.
- Preparación e posta a punto de máquinas para a montaxe e o acabado de artigos de marroquinaría.
- Preparación de materiais.
- Fabricación de artigos de marroquinaría.
- Organización do posto de traballo.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), f), j), k), ñ), p) e r) do ciclo formativo, e as competencias a), d), g), h), l), n), ñ), p) e q).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Organización e secuenciación das actividades de traballo a partir da ficha técnica, na montaxe e no acabado de artigos de marroquinaría.
- Selección, preparación e mantemento de primeiro nivel de maquinaria, ferramentas e utensilios dispoñibles na aula taller para as operacións de montaxe e acabado de artigos de marroquinaría.
- Execución de operacións de montaxe e acabado, segundo o proceso e a calidade do produto que se desexe obter.
- Aplicación das medidas de seguridade e dos equipamentos de protección individual na execución operativa.
- Aplicación de criterios de calidade en cada fase do proceso.
- Aplicación da normativa de protección ambiental relacionada cos residuos, os aspectos contaminantes e o seu tratamento.
- Detección de fallos ou desaxustes na execución das fases do proceso, mediante a verificación e valoración do produto obtido.

1.6 Módulo profesional: Montaxe e acabado de calzado

- Código: MP0604.
- Duración: 134 horas.

1.6.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Selecciona a información salientable para os procesos industriais de montaxe e acabado de calzado, interpretando documentación técnica e relacionándoa coas características do produto final.
 - CA1.1. Interpretáronse as características técnicas das fichas de montaxe e acabado de calzado.
 - CA1.2. Utilizouse a linguaxe técnica acorde á montaxe e ao acabado de calzado.
 - CA1.3. Elaboráronse diagramas dos procesos industriais de montaxe e acabado de calzado.
 - CA1.4. Describíronse as fases do proceso para cada tipo de montaxe e acabado.
 - CA1.5. Identificáronse os produtos e as materias primas e auxiliares para a montaxe e o acabado de calzado.
 - CA1.6. Interpretouse a documentación relacionada co control de calidade dos procesos de montaxe e acabado de calzado.
- RA2. Prepara máquinas, utensilios e ferramentas de montaxe e acabado de calzado, e xustifica as variables e os accesorios seleccionados.
 - CA2.1. Interpretáronse os manuais e a información referentes ao funcionamento, á utilización e á posta a punto das máquinas de montaxe e acabado de calzado.
 - CA2.2. Identificáronse as variables que cumpra regular para controlar o proceso.
 - CA2.3. Preparáronse os materiais, as ferramentas e os utensilios requiridos para a montaxe e o acabado de calzado.
 - CA2.4. Reguláronse e axustáronse as máquinas para a montaxe e o acabado de calzado.
 - CA2.5. Resolvéronse anomalías sinxelas nas pezas e nos elementos de máquinas de montaxe e acabado, valorando o seu desgaste ou a súa rotura e identificando as súas causas.
 - CA2.6. Comprobouse o correcto funcionamento dos seus sistemas de seguridade.
 - CA2.7. Realizouse o mantemento de primeiro nivel das máquinas de montaxe e acabado de calzado.
 - CA2.8. Realizouse a preparación e o mantemento con autonomía, orde, método e precisión.
 - CA2.9. Respectáronse as normas específicas de seguridade e prevención de accidentes nas técnicas efectuadas.
- RA3. Monta calzado por diferentes sistemas, aplicando técnicas manuais e mecánicas.

- CA3.1. Identificáronse os sistemas de montaxe de calzado manual e mecánico, e os seus procesos de fabricación.
- CA3.2. Seleccionáronse formas, soletas, cortes aparados, materiais e compoñentes necesarios para cada tipo de montaxe.
- CA3.3. Preparáronse formas, compoñentes, cortes aparados e materiais.
- CA3.4. Montouse o calzado de modo manual e mecánico, aplicando diferentes sistemas (blake, halley, goodyear, kiowa, guaracha e califomia).
- CA3.5. Realizáronse os procedementos con autonomía, orde, método e precisión.
- CA3.6. Establecéronse os parámetros de tempo, temperatura e presión segundo o sistema de montaxe e materiais.
- CA3.7. Verificouse a calidade da montaxe manual e mecánica, tanto nos seus aspectos técnicos como nos globais, e corrixíronse as anomalías detectadas.
- CA3.8. Respectáronse as normas específicas de seguridade e prevención de accidentes nas técnicas efectuadas.
- RA4. Aplica técnicas de unión do piso ao corte, utilizando procedementos manuais e automáticos.
 - CA4.1. Tivéronse en conta as especificacións da ficha técnica de fabricación segundo o método (vulcanización, inxección, bottier, cubano, autoclave, mixto, pegada e cosedura).
 - CA4.2. Seleccionáronse máquinas manuais e automáticas, materiais e compoñentes para cada proceso, en función do tipo de calzado e dos medios que cumpra utilizar.
 - CA4.3. Preparáronse os zapatos montados, os compoñentes e os pisos para cada tipo de unión.
 - CA4.4. Aplicáronse diferentes sistemas manuais e automáticos de unión do piso ao corte.
 - CA4.5. Realizáronse os procedementos con autonomía, orde, método e precisión.
 - CA4.6. Verificouse a calidade do acabado, tanto nos seus aspectos técnicos como nos globais, e corrixíronse as anomalías detectadas.
 - CA4.7. Respectáronse as normas específicas de seguridade e prevención de accidentes nas técnicas efectuadas.
- RA5. Acaba o calzado, logo de seleccionar os produtos, as máquinas e os compoñentes para cada tipo de acabado.
 - CA5.1. Describíronse os tipos de acabado de calzado e a súa secuencia.
 - CA5.2. Interpreouse a ficha técnica de fabricación segundo os acabamentos (cera, pigmento, anilina, tinte, brillo, pulido e lavadura).
 - CA5.3. Seleccionáronse produtos, máquinas e compoñentes necesarios para cada acabado.
 - CA5.4. Realizouse o acabado do calzado.
 - CA5.5. Aplicáronse os procedementos con autonomía, orde, método e precisión.
 - CA5.6. Respectáronse as normas específicas de seguridade e prevención de accidentes nas técnicas efectuadas.
 - CA5.7. Verificouse a calidade do acabado, tanto nos seus aspectos técnicos como nos globais, e corrixíronse as anomalías detectadas.
 - CA5.8. Etiquetáronse e envasáronse os produtos terminados.

1.6.2 Contidos básicos

BC1. Selección da información

- Fichas técnicas de montaxe e acabado.
- Linguaxe técnica na industria de calzado.
- Diagramas de procesos industriais para cada tipo de montaxe e acabado
- Fases do proceso de cada tipo de montaxe e acabado (haller, kiowa, blaker, pulido e pigmentación).
- Produtos e materias primas de montaxe e acabado.
- Factores e criterios na calidade da montaxe e do acabado.

BC2. Preparación de máquinas, utensilios e ferramentas

- Manuais de funcionamento, utilización e posta a punto de máquinas de montaxe e acabado.
- Variables de control do proceso.
- Materiais, utensilios e ferramentas para a montaxe e o acabado do calzado.
- Regulación e axustes das máquinas: factores que inflúen.
- Máquinas de montaxe: tipos e características.
- Máquinas de cardar e pegar: tipos e características.
- Máquinas de colocar pisos: tipos e características.
- Máquinas por control numérico.
- Máquinas de tacóns.
- Máquinas de pegar pisos: tipos e aplicacións
- Máquinas de acabado: tipos e aplicacións.
- Máquinas auxiliares e de transporte.
- Operacións de mantemento de primeiro nivel e de conservación de máquinas, utensilios e ferramentas.
- Normas de seguridade persoais e de uso no manexo de máquinas e utensilios.

BC3. Montaxe de calzado

- Sistemas de montaxe manual e mecánica.
- Operacións de preparación da montaxe.
- Formas, soletas, cortes aparados, materiais e compoñentes para cada tipo de montaxe.
- Montaxe de calzado: tipos e características (blake, halley ou billy, good-year, luva ou california, kiowa e guaracha).
- Parámetros: tempos de moldeamento, temperaturas das máquinas e presión das placas.
- Criterios de calidade na montaxe manual e mecánica.
- Normas de seguridade para cada técnica de montaxe de calzado.

BC4. Unión do piso ao corte

- Preparación de zapatos montados. Compoñentes e pisos para cada tipo de unión.
- Manuais de funcionamento. Utilización e posta a punto de máquinas manuais e automáticas para pegar pisos.
- Colocación de pisos: tipos (pegado, cosido e mixto). Clases de cosedura. Adhesivos e colas: características. Parámetros: presión de prensaxe, tempo e temperatura.
- Vulcanización e inxección: tipos e parámetros.
- Normas de seguridade persoais para cada técnica de unión de pisos.
- Criterios de calidade.

BC5. Acabamento de calzado

- Acabamentos: tipos (anilina, pigmento, brillo, pulido e cera natural) e preparación (limpeza e tinguidura).
- Máquinas de acabamento de calzado.
- Utensilios e accesorios de acabamento de calzado.
- Criterios de calidade para cada tipo de acabamento.
- Normas de seguridade persoais nas técnicas efectuadas.
- Embalaxe: etiquetaxe e envasado.

1.6.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de montaxe e acabamento de calzado.

Esta función abrangue aspectos como:

- Preparación e posta a punto de máquinas e equipamentos.
- Mantemento de primeiro nivel das máquinas e das instalacións.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Montaxe de calzado.
- Vulcanización, inxección e autoclave.
- Pegado de pisos.
- Acabamento de calzado.
- Control de calidade.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), f), j), k), ñ), p) e r) do ciclo formativo, e as competencias a), d), g), h), l), m), n), ñ), p) e q).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Interpretación da información técnica necesaria para os procesos de montaxe e acabamento.
- Descrición dos procesos de montaxe e acabamento relacionados coas máquinas, os compoñentes, os materiais e os equipamentos que interveñen.

- Clasificación das máquinas, os materiais, as ferramentas e os utensilios necesarios para realizar a montaxe e o acabado.
- Identificación dos tipos de montaxe e acabado en función do artigo, dos materiais e dos medios.
- Identificación dos compoñentes (formas, cambrillóns, plantas, pisos, contrafortes, topes, etc.) en función do artigo.
- Realización das operacións de montaxe de calzado, con habilidade e destreza, e cumprindo as normas de seguridade.
- Realización do acabado de calzado con autonomía, método, pulcritude e criterios estéticos, cumprindo as normas de seguridade no traballo.

Confederación Intersindical Galega

ENSINO

1.7 Módulo profesional: Procesos de elaboración de calzado á medida

- Código: MP0605.
- Duración: 53 horas.

1.7.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Describe tipos de calzado á medida e ortopédico en relación co confort, a estética, o uso e a calidade.
 - CA1.1. Identificáronse os tipos de calzado á medida e ortopédico.
 - CA1.2. Identificáronse as características funcionais do calzado á medida e ortopédico.
 - CA1.3. Definíronse os públicos obxectivo: neno, nena, home e muller.
 - CA1.4. Identificáronse os sistemas de numeración de calzado.
 - CA1.5. Definíronse os ámbitos de uso do calzado á medida: doméstico, deportivo, de espectáculo, urbano e técnico.
 - CA1.6. Identificáronse as pezas de cada tipo de calzado segundo a parte anatómica sobre a que inflúan.
- RA2. Explica os procesos de fabricación de calzado á medida e ortopédico, e identifica máquinas, equipamentos, accesorios, utensilios e ferramentas.
 - CA2.1. Describíronse os procesos de fabricación industrial en serie e á medida, e de calzado ortopédico.
 - CA2.2. Diferenciouse o proceso de fabricación industrial en serie do proceso de fabricación á medida e de calzado ortopédico.
 - CA2.3. Definíronse as operacións básicas de elaboración de calzado á medida e ortopédico.
 - CA2.4. Identificáronse as máquinas utilizadas na fabricación de calzado á medida e ortopédico.
 - CA2.5. Identificáronse os accesorios e os repostos das máquinas utilizadas, segundo o resultado previsto.
 - CA2.6. Identificáronse as ferramentas e os utensilios empregados para aproveitar convenientemente os recursos e procurar o rendemento adecuado.
 - CA2.7. Utilizáronse os manuais e as normas de uso e mantemento de máquinas, accesorios e ferramentas.
 - CA2.8. Describíronse os sistemas de seguridade e os medios de protección persoal das máquinas e das ferramentas, segundo as normas de seguridade e saúde.
- RA3. Relaciona os tipos de tecidos, peles, coiros e elementos complementarios coas exigencias do calzado á medida e ortopédico, diferenciándoos polas súas propiedades e características principais.
 - CA3.1. Identificáronse os criterios para a selección de peles, tecidos e coiros segundo as exigencias dun calzado á medida e ortopédico.

- CA3.2. Describiuse o comportamento de diferentes tipos de peles, tecidos e coiros en función da súa procedencia e composición.
- CA3.3. Diferenciouse o comportamento de diferentes tipos de peles, tecidos e coiros en función da súa procedencia e composición.
- CA3.4. Caracterizouse a utilización de diversos tipos de peles, tecidos e coiros segundo as zonas anatómicas que deban de cubrir.
- CA3.5. Relacionáronse os requisitos de moda, terapéuticos e de confort coas propiedades das peles, dos tecidos e dos coiros.
- CA3.6. Recoñecéronse as propiedades e as características de fornitureas, compoñentes secundarios e auxiliares para o seu uso en calzado á medida e ortopédico.
- CA3.7. Identificáronse os materiais especiais e de conformación para a fabricación de calzado á medida e ortopédico.
- CA3.8. Comprobouse que os materiais e os complementos seleccionados cumpran as características exixidas.
- RA4. Selecciona materiais e equipamentos adaptando as formas base ás propiedades e ás características de uso e manipulación.
 - CA4.1. Identificáronse os materiais e os elementos específicos para adaptar as formas base á fabricación de calzado á medida e ortopédico (resinas, estuco, escaiola, fibra de vidro e cortiza).
 - CA4.2. Recoñecéronse os requisitos técnicos dos materiais e elementos específicos para adaptar as formas á fabricación de calzado á medida e ortopédico (rixidez, resistencia e estabilidade).
 - CA4.3. Comprobáronse as exixencias técnicas dos materiais seleccionados para a adaptación da forma base na fabricación de calzado á medida e ortopédico.
 - CA4.4. Seleccionáronse as máquinas, os accesorios e as ferramentas necesarias para adaptar as formas base.
 - CA4.5. Interpretáronse as normas de manipulación e composición dos materiais específicos.
 - CA4.6. Tivéronse en conta os procedementos de seguridade e os elementos persoais de protección persoal, hixiene e saúde laboral.
- RA5. Adapta padróns base ás modificacións realizadas, nas formas ou nos modelos.
 - CA5.1. Identificáronse os padróns base necesarios para a realización do modelo requirido.
 - CA5.2. Recoñecéronse as variacións para realizar nos padróns base do modelo seleccionado.
 - CA5.3. Comprobáronse as exixencias técnicas do modelo e as posibilidades de adaptación ou incorporación de novas pezas.
 - CA5.4. Seleccionáronse as máquinas, as ferramentas e os accesorios necesarios para realizar os novos padróns.
 - CA5.5. Realizáronse as transformacións necesarias nos padróns base, para os adaptar ás necesidades do modelo.
 - CA5.6. Referenciáronse os novos modelos para o seu almacenamento en base de datos.

1.7.2 Contidos básicos

BC1. Descrición do calzado á medida e ortopédico

- Calzado á medida e ortopédico: clasificación e tipos; aplicacións; público obxectivo.
- Características funcionais e estéticas.
- Sistemas de numeración do calzado (longo e anchura).
- Comodidade e seguridade.

BC2. Explicación dos procesos de fabricación de calzado á medida e ortopédico

- Tipos de procesos de fabricación do calzado.
- Diferenzas entre a fabricación á medida e a fabricación industrial.
- Operacións básicas.
- Fichas técnicas, manuais e instrucións de uso.
- Maquinaria, ferramentas e accesorios auxiliares necesarios para a súa elaboración, segundo os materiais empregados.
- Normas de seguridade e medios de protección persoal.

BC3. Relación de tecidos, peles, coiros e elementos complementarios

- Materiais utilizados na elaboración do calzado á medida e ortopédico.
- Requisitos técnicos dos materiais que cómpre utilizar na elaboración do calzado á medida e ortopédico.
- Soletas anatómicas, cuñas, alzas, elevadores, férulas, contrafortes, topes especiais, etc.: características e requisitos técnicos e sanitarios. Requisitos sanitarios para a elaboración do calzado á medida e ortopédico.
- Prestacións de uso requiridas pola moda, por necesidades terapéuticas e de confort (dimensións, grosor, flexibilidade e resistencia).

BC4. Selección de materiais e equipamentos utilizados na adaptación de formas para calzado á medida e ortopédico

- Formas: materiais utilizados.
- Requisitos técnicos dos materiais utilizados para adaptar as formas de calzado á medida e ortopédico (rixidez, resistencia e estabilidade).
- Normas de manipulación e composición dos materiais seleccionados.
- Máquinas, ferramentas e accesorios utilizados para adaptar as formas na fabricación de calzado á medida e ortopédico.
- Procedementos de seguridade e elementos persoais de protección persoal, hixiene e saúde laboral.

BC5. Adaptación dos padróns base ás modificacións realizadas nas formas ou nos modelos

- Requisitos técnicos para a adaptación dos padróns base.

- Comprobación das variacións de medidas nas formas.
- Variacións nos padróns por incorporación de soletas, cuñas e plataformas.
- Material, máquinas, utensilios e ferramentas para a obtención de padróns.
- Realización e transformación dos padróns para os adaptar aos novos requisitos dos modelos.

1.7.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para fundamentar a función de produción ou transformación de calzado á medida e ortopédico.

A definición desta función abrangue aspectos como:

- Identificación de tipos de calzado á medida e ortopédico.
- Descrición dos procesos, máquinas, accesorios, ferramentas e utensilios utilizados na fabricación de calzado á medida e ortopédico.
- Adaptación de formas base.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Adaptación de formas base
- Fabricación de calzado á medida.
- Fabricación de calzado ortopédico.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), e), f), g), l), ñ), p) e r) do ciclo formativo, e as competencias a), b), c), j), m), n), ñ), p) e q).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Identificación de tipos de calzado á medida e ortopédicos.
- Descrición dos procesos de fabricación industrial e artesanal de calzado á medida e ortopédico.
- Selección de tecidos, coiros e elementos complementarios.
- Descrición de compoñentes secundarios e auxiliares.
- Identificación de maquinaria, accesorios e ferramentas para a adaptación de formas base na fabricación de calzado á medida e ortopédico.
- Adaptación de formas base para a fabricación de calzado á medida e ortopédico.
- Aplicación das medidas de seguridade e dos equipamentos de protección individual na execución operativa.
- Aplicación de criterios de calidade en cada fase do proceso.
- Análise da influencia do confort, a estética, o uso e a calidade no calzado á medida e ortopédico.

1.8 Módulo profesional: Técnicas de fabricación de calzado á medida e ortopédico

- Código: MP0606.
- Duración: 139 horas.

1.8.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Toma medidas antropométricas do pé e da perna, establecendo as diferenzas cos parámetros estándar.
 - CA1.1. Explicouse a anatomía das extremidades inferiores (ósos, músculos e articulacións).
 - CA1.2. Identificáronse as malformacións e as patoloxías do pé.
 - CA1.3. Interpretáronse as prescricións facultativas.
 - CA1.4. Tomáronse as medidas do pé e da perna con cinta métrica, marco e podómetro.
 - CA1.5. Realizáronse moldes dos pés para a obtención de formas ou soletas.
 - CA1.6. Relacionáronse as medidas obtidas cos parámetros estándar.
- RA2. Adapta formas a soletas e a suplementos ortopédicos, aplicando técnicas de adición ou subtracción.
 - CA2.1. Seleccionáronse formas base, soletas e suplementos ortopédicos.
 - CA2.2. Aplicáronse técnicas de adición ou subtracción.
 - CA2.3. Aumentáronse ás formas volumes que permitan incorporar, soletas ou suplementos.
 - CA2.4. Adaptáronse ás formas fundamentos estéticos (puntas e crebaduras).
 - CA2.5. Comprobouse que as formas cumpran as medidas requiridas na ficha técnica ou no informe facultativo.
- RA3. Elabora modelos axustándose ás formas e aos elementos ortopédicos.
 - CA3.1. Identificáronse as características funcionais e biomecánicas do calzado que cumpra fabricar.
 - CA3.2. Identificáronse os modelos e os elementos ortopédicos, estéticos ou funcionais.
 - CA3.3. Marcáronse puntos de calzo na forma.
 - CA3.4. Adaptouse o tipo de modelo á forma e aos elementos ortopédicos, estéticos e funcionais.
 - CA3.5. Realizouse o padrón.
 - CA3.6. Obtivéronse os padróns do modelo axustado e dos elementos ortopédicos.
 - CA3.7. Adaptáronse os padróns base ás medidas da forma personalizada ou á incorporación de elementos ortopédicos.
- RA4. Monta calzado á medida e ortopédico, aplicando técnicas artesanais de montaxe, aparaxe e acabado.

- CA4.1. Seleccionáronse materiais, compoñentes e elementos ortopédicos ou funcionais.
- CA4.2. Seleccionáronse e preparáronse as máquinas, as ferramentas e os utensilios necesarios na fabricación artesanal á medida e ortopédica.
- CA4.3. Realizáronse as operacións de preparación para a montaxe artesanal (preparación de topes e contrafortes, moldeamento manual, cravado de planta e preparación de fendeduras).
- CA4.4. Realizáronse as operacións da montaxe artesá (colocación da soleta, recheos e colocación do cambrillón).
- CA4.5. Realizáronse artesanalmente as operacións de pegado e cosedura de pisos.
- CA4.6. Realizáronse as operacións de pegado ou cravado de tacóns, plataformas e cuñas.
- CA4.7. Realizáronse os procedementos con autonomía, orde, método e precisión.
- CA4.8. Aplicáronse as medidas de seguridade na montaxe de calzado á medida e ortopédico.
- RA5. Acaba o calzado á medida e ortopédico, seleccionando os produtos e as operacións para a súa presentación final.
 - CA5.1. Seleccionáronse e preparáronse produtos, materiais, ferramentas e accesorios.
 - CA5.2. Realizáronse as operacións artesanais de acabado de calzado á medida e ortopédico.
 - CA5.3. Verificouse a calidade, a estética, a comodidade, a aparencia e a solidez do produto acabado.
 - CA5.4. Comprobouse que o produto terminado se axuste á ficha técnica e, de ser o caso, ás prescricións facultativas.
 - CA5.5. Realizáronse os procedementos con autonomía, orde, método e precisión.
 - CA5.6. Aplicáronse as medidas de seguridade no acabado de calzado á medida e ortopédico.

1.8.2 Contidos básicos

BC1. Toma de medidas antropométricas

- Anatomía das extremidades inferiores (ósos, músculos e articulacións).
- Malformacións e patoloxías do pé. Deformidades debidas ao extremo do zapato, ao tacón e á sola. Tipos de arcos plantares: plano, equino, talus, valgus e varus. Calosidades. Xoanetes.
- Malformacións da perna: pernas en X ou en O.
- Prescricións facultativas: interpretación.
- Medidas antropométricas estándar: alturas, lonxitudes, anchuras, perímetros, ángulos e desviación de eixe.
- Toma de medidas do pé e da perna.
- Técnicas: pé en estado de carga e en estado de descarga.

- Materiais e instrumentos de medida: cinta métrica, podómetro e marco.
- Tipo de lonxitude dos dedos do pé: grego, exipcio e cadrado, e as súas variacións.
- Expresións da marcha e factores influentes.
- Moldes dos pés para a obtención de formas ou soletas.
- Materiais empregados para a obtención de moldes.

BC2. Adaptación de formas a soletas e suplementos ortopédicos

- Formas base: tipos e características.
- Soletas e outros suplementos ortopédicos: tipos e características.
- Adaptación de forma base: técnicas de adición ou subtracción.
- Adaptación ás formas obtidas por molde: fundamentos estéticos.
- Aumento de volumes ás formas para incorporar soletas ou suplementos.

BC3. Elaboración de modelos

- Características funcionais e biomecánicas do calzado.
- Modelos: tipos. Elaboración.
- Elementos ortopédicos, estéticos ou funcionais (bluchers, inglés, manoletinas, salóns e mercedes, sandalias e botas).
- Puntos de calzo básicos na forma.
- Adaptación do modelo. Axuste á forma e aos elementos ortopédicos, estéticos ou funcionais.
- Modelo: fases da súa obtención.
- Padróns do modelo e dos elementos ortopédicos. Obtención e adaptación de padróns
- Tipos de fabricación e características para realización do modelo.
- Tipos de marxes que hai que aplicar no despezo: voltos, entres, costuras, festóns, vivos, reberetes, recortes de forro e moldeamentos.

BC4. Montaxe de calzado á medida e ortopédico

- Materiais, compoñentes e elementos ortopédicos ou funcionais: soletas, plataformas, cuñas, cortes aparados, plantas, tacóns e pisos.
- Máquinas, ferramentas e utensilios específicos: preparación para o seu uso.
- Preparación para a montaxe artesanal: topes e contrafortes; moldeamento manual; cravado de recheos; preparación de fendeduras.
- Montaxe de calzado artesanal: sobre a forma do corte ganduxado; recheos; pegado ou cravado de pisos, tacóns, plataformas e cuñas; cosedura de planta, corte e vira; colocación de cambrillón.
- Autonomía, orde, método e precisión na realización dos procesos.
- Medidas de seguridade na montaxe de calzado á medida e ortopédico.

BC5. Acabamento de calzado á medida e ortopédico

- Produtos, materiais, ferramentas e accesorios para o acabado artesanal de calzado (tinturas, cepillos e coitelas): selección e preparación.
- Operacións de acabado para calzado artesanal: recorte de calados e ocos; limpeza; colocación de plantas estándar ou ortopédicas; reparación de danos, tinguidura de cantos en cortes montados; acabado de cantos en pisos e tacóns; cepillado (pulido e abrillantado).
- Calidade, estética, comodidade e solidez do calzado acabado.
- Autonomía, orde, método e precisión na realización dos procesos.
- Medidas de seguridade no acabado de calzado artesanal.

1.8.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de produción ou transformación artesanal de calzado á medida e ortopédico.

Esta función abrangue aspectos como:

- Toma de medidas do pé e da perna.
- Adaptación de formas a soletas e suplementos.
- Elaboración de modelos, axustándose á forma.
- Montaxe de calzado á medida e ortopédico, con técnicas artesanais.
- Acabamento de calzado artesanal, á medida e ortopédico.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse na fabricación de calzado á medida e ortopédico.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), b), c), f), g), l), ñ), p) e r) do ciclo formativo, e as competencias a), b), d), h), j), k), m), n), ñ), p) e q).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Toma de medidas do pé e da perna.
- Interpretación de prescricións facultativas.
- Organización e secuencia das actividades de traballo, a partir da ficha técnica.
- Preparación de formas, adaptándoas ás necesidades de fabricación.
- Obtención de padróns, axustando sobre a forma ou adaptando bases.
- Selección, preparación e mantemento de primeiro nivel de maquinaria, ferramentas e utensilios dispoñibles na aula-taller para as operacións de fabricación artesanal de calzado á medida e ortopédico.
- Execución de operacións de montaxe e acabado de calzado ortopédico á medida.
- Aplicación das medidas de seguridade e dos equipamentos de protección individual na execución operativa.
- Aplicación de criterios de calidade en cada fase do proceso.
- Aplicación da normativa de protección ambiental relacionada cos residuos, cos aspectos contaminantes e co seu tratamento.

- Detección de fallos ou desaxustes na execución das fases do proceso mediante a verificación e a valoración do produto obtido.



1.9 Módulo profesional: Transformación de calzado para espectáculos

- Código: MP0607.
- Duración: 70 horas.

1.9.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Analiza os tipos, os xéneros e as disciplinas do mundo do espectáculo, e os tipos de calzado e complementos que requiren.
 - CA1.1. Identificáronse os xéneros e as disciplinas escénicas do mundo do espectáculo.
 - CA1.2. Identificáronse os tipos de bolsos populares ou folclóricos e relacionáronse cos de uso cotián.
 - CA1.3. Identificáronse tipos de calzado e complementos utilizados en teatro ou noutras disciplinas similares.
 - CA1.4. Definíronse os fundamentos da transformación de calzado e complementos en cada caso e tipo.
 - CA1.5. Diferenciáronse as necesidades de adaptación por fundamentos históricos ou outros.
 - CA1.6. Identificáronse materiais, ferramentas e utensilios necesarios na transformación e na adaptación de modelos.
 - CA1.7. Valorouse a importancia dos efectos visuais no calzado e nos complementos utilizados en teatro ou noutras disciplinas similares.
 - CA1.8. Valorouse a importancia da transformación inmediata no calzado e nos complementos utilizados en teatro ou noutras disciplinas similares.
- RA2. Relaciona os tipos de calzado e complementos para o espectáculo cos xéneros e coas disciplinas artísticas, en función das súas características e dos seus usos escénicos.
 - CA2.1. Describiuse a evolución das formas e dos materiais dos xéneros e das disciplinas do mundo do espectáculo.
 - CA2.2. Clasificáronse os complementos e o calzado para o espectáculo segundo o seu uso en cada xénero artístico.
 - CA2.3. Relacionáronse os requisitos específicos que debe cumprir o calzado para espectáculos, tales como a sonoridade e a flexibilidade.
 - CA2.4. Describíronse as aplicacións escénicas dos artigos de marroquinaría.
 - CA2.5. Relacionouse a caracterización do calzado coa secuencia das representacións artísticas.
- RA3. Adapta e transforma calzado e complementos para o espectáculo, adecuándoos ao deseño e ao uso escénico.
 - CA3.1. Interpretáronse deseños e fichas de medida.
 - CA3.2. Identificáronse compoñentes e estruturas para a obtención de volumes no deseño do calzado, tendo en conta a comodidade do/da intérprete.

- CA3.3. Calculáronse os materiais necesarios para elaborar ou adaptar o calzado e os complementos de uso escénico.
- CA3.4. Seleccionáronse e preparáronse máquinas, equipamentos, accesorios, utensilios, produtos e materiais para a transformación ou a adecuación do calzado e complementos para espectáculos.
- CA3.5. Realizáronse as operacións de corte, ensamblaxe ou aparaxe á man ou a máquina.
- CA3.6. Aplicáronse técnicas de montaxe e acabado de calzado e complementos escénicos.
- CA3.7. Realizouse a proba ao/á intérprete cos compoñentes e coas estruturas, e sinalouse o axuste, a súa adaptación e as posibles correccións, de acordo cos requisitos establecidos.
- CA3.8. Transformouse calzado para a súa adecuación ao figurino e ao uso escénico.
- CA3.9. Comprobouse a calidade dos compoñentes ensamblados, da montaxe e do acabado.
- CA3.10. Aplicáronse as medidas de seguridade nos procedementos de corte, aparaxe, montaxe e acabado de calzado e complementos para espectáculos.
- RA4. Decora materiais base, aplicando técnicas de pintura e avellentamento para alcanzar os efectos indicados no figurino.
 - CA4.1. Analizouse o deseño ou figurino para organizar o plan de traballo.
 - CA4.2. Adaptáronse ou transformáronse deseños de debuxos para a súa aplicación en compoñentes.
 - CA4.3. Obtivéronse padróns a partir da súa relación co debuxo do figurino ou da documentación achegada, segundo as formas do calzado ou dos complementos.
 - CA4.4. Preparáronse máquinas, equipamentos, utensilios, produtos e materiais para pintar ou avellentar.
 - CA4.5. Aplicáronse técnicas de pintura de acordo co seu uso dos produtos, co figurino e coas normas de seguridade e de protección persoal e ambiental.
 - CA4.6. Avellentáronse materiais que conforman calzado ou complementos, adecuando o resultado ao figurino.
 - CA4.7. Verificouse a calidade da pintura e do avellentamento realizado, comprobando os aspectos globais, a súa fidelidade ao modelo, a súa aparencia e a súa solidez, segundo os requisitos estéticos e de uso.
 - CA4.8. Aplicáronse as medidas de seguridade nas técnicas de pintura e avellentamento.
- RA5. Elabora os obxectos do figurino aplicando materiais non convencionais, para lograr os efectos deseñados.
 - CA5.1. Analizouse o deseño ou figurino para seleccionar materiais, produtos, utensilios e técnicas.
 - CA5.2. Aplicáronse colas, siliconas, lacas, ceras e outros materiais para conseguir os efectos marcados no figurino.
 - CA5.3. Realizáronse as técnicas seleccionadas en función das condicións de visibilidade e de exhibición do calzado e dos complementos.
 - CA5.4. Experimentouse con diversos materiais para mellorar os efectos artísticos.

- CA5.5. Recicláronse materiais como recursos aplicables e sustentables.
- CA5.6. Obtivéronse moldes de diversos materiais para lograr volumes e texturas con vistas a os incorporar ao calzado.
- CA5.7. Manipuláronse e almacenáronse os produtos, tendo en conta criterios de seguridade, caducidade, orde de consumo e protección ambiental.

1.9.2 Contidos básicos

BC1. Análise dos xéneros e das disciplinas do mundo artístico, e do calzado e os complementos utilizados

- Xéneros e disciplinas do mundo do espectáculo (teatro, danza, cine, animación e folclore).
- Calzados e bolsos de diferentes estilos e épocas para o espectáculo: tipos e características.
- Complementos utilizados en espectáculos: tipos e características fundamentais.
- Calzado de xénero: danza clásica e española; calzado folclórico e de uso popular.
- Materiais, utensilios e ferramentas para adaptación de modelos.
- Requisitos escénicos do calzado e dos complementos para espectáculos.

BC2. Relación do calzado e os complementos coas disciplinas artísticas

- Adecuación dos modelos de calzado aos requisitos escénicos.
- Relación do tipo de calzado e complementos co seu uso escénico.
- Relación da documentación histórica e a de uso costumista cos artigos que cumpra desenvolver.
- Relación dos materiais e dos obxectos cos efectos solicitados.
- Aplicacións dos artigos de marroquinaría no espectáculo.
- Efectos especiais, pezas sobrepostas e simulacións.

BC3. Adaptación de calzado e complementos para o espectáculo

- Deseños e fichas técnicas: interpretación.
- Formas e adaptacións específicas para o calzado de espectáculos (puntas, alturas e crebas).
- Materiais específicos para calzado e complementos do espectáculo.
- Máquinas equipamentos, accesorios, utensilios e produtos para a elaboración de calzado e complementos de espectáculos.
- Técnicas específicas de corte, ensamblaxe, montaxe e acabamento.
- Compoñentes e suplementos específicos de uso en escena: plataformas, cuñas e tacóns.
- Probas e rectificacións.
- Transformación de calzado: desmontaxe, descosedura e despegado.
- Óptimo aproveitamento de materiais (tecidos, peles e fíos).

- Preparación de pezas específicas que deben adaptarse a cada necesidade escénica.
- Control de calidade no produto final.
- Normas de seguridade na elaboración de calzado e complementos para espectáculos.

BC4. Decoración de materiais base

- Deseños e figurinos: estudo e análise.
- Adaptación e transformación de debuxos.
- Padróns, moldes e aplicacións segundo o deseño.
- Máquinas, equipamentos, utensilios, produtos e materiais para pintar ou avellentar.
- Técnicas de pintura (tinturas, pigmentos, ceras, etc.): tipos e aplicacións.
- Técnicas de avellentamento: desgaste e rotura.
- Probas de calidade.
- Equipamentos de protección individual e normas de seguridade na decoración de materiais base.

BC5. Elaboración de obxectos do deseño

- Deseños e figurinos: estudo e análise.
- Pezas ou elementos de diversos materiais tratados con distintas técnicas.
- Materiais non convencionais: colas, siliconas, látex, lacas e ceras.
- Pezas ou materiais para mellorar aspectos artísticos.
- Reciclaxe de materiais como recursos aplicables e sustentables.
- Moldes, tipos e funcións.
- Almacenamento de produtos. Normas de seguridade, manipulación, caducidade, orde de consumo e protección ambiental.

1.9.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de fabricación e transformación de calzado e complementos para o espectáculo.

A definición desta función abrangue aspectos como:

- Adaptación de calzado e complementos para o espectáculo.
- Decoración de materiais base.
- Elaboración e decoración de obxectos do figurino ou deseño.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Fabricación de calzado para o espectáculo.
- Fabricación de complementos para o espectáculo.
- Transformación de calzado e complementos para o espectáculo.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), b), c), d), e), f), m), ñ), p) e r) do ciclo formativo, e as competencias a), b), c), d), h), i), k), l), n), ñ), p) e t).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os ob-

xectivos do módulo han versar sobre:

- Xéneros e disciplinas do mundo de espectáculo.
- Tipos de calzados e complementos utilizados para o espectáculo.
- Organización e secuencia das actividades de traballo, a partir do figurino ou do deseño.
- Adaptación de formas e compoñentes ás necesidades escénicas.
- Adaptación de padróns base ou de novo axuste ás necesidades do calzado e complementos para espectáculos.
- Selección, preparación e posta a punto de maquinaria, utensilios e ferramentas para as operacións de transformación ou fabricación de calzado e complementos para espectáculo.
- Realización das operacións de transformación de calzado e complementos para o espectáculo, por adaptación ou nova fabricación.
- Decoración de materiais, pintura e avellentamento.
- Realización de obxectos non convencionais indicados en figurino.
- Aplicación de medidas de seguridade e dos equipamentos de protección individual na execución operativa.
- Aplicación de criterios artísticos e funcionais na realización dos artigos.

Confederación Intersindical Galega

ENSINO

1.10 Módulo profesional: Formación e orientación laboral

- Código: MP0608.
- Duración: 107 horas.

1.10.1 Unidade formativa 1: Prevención de riscos laborais

- Código: MP0608_12.
- Duración: 45 horas.

1.10.1.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.
 - CA1.1. Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
 - CA1.2. Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
 - CA1.3. Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
 - CA1.4. Comprenderonse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
 - CA1.5. Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
 - CA1.6. Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector da confección, o calzado e a marroquinaría.
 - CA1.7. Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.
- RA2. Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector da confección, o calzado e a marroquinaría.
 - CA2.1. Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico en Calzado e Complementos de Moda.
 - CA2.2. Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
 - CA2.3. Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico en Calzado e Complementos de Moda.
 - CA2.4. Identificáronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico en Calzado e Complementos de Moda.
 - CA2.5. Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade.

- RA3. Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.
 - CA3.1. Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.
 - CA3.2. Clasificáronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
 - CA3.3. Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
 - CA3.4. Identificáronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
 - CA3.5. Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
 - CA3.6. Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
 - CA3.7. Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico en Calzado e Complementos de Moda.
 - CA3.8. Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.
- RA4. Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico en Calzado e Complementos de Moda.
 - CA4.1. Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
 - CA4.2. Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
 - CA4.3. Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
 - CA4.4. Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
 - CA4.5. Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
 - CA4.6. Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

1.10.1.2 Contidos básicos

BC1. Dereitos e obrigas en seguridade e saúde laboral

- Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.
- Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
- Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.
- Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.

- Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.

BC2. Avaliación de riscos profesionais

- Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.
- Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
- Riscos específicos no sector da confección, o calzado e a marroquinaría en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.
- Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector da confección, o calzado e a marroquinaría.

BC3. Planificación da prevención de riscos na empresa

- Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
- Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.
- Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
- Planificación da prevención na empresa.
- Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.
- Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.
- Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

BC4. Aplicación de medidas de prevención e protección na empresa

- Medidas de prevención e protección individual e colectiva.
- Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
- Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.
- Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

1.10.2 Unidade formativa 2: Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego

- Código: MP0608_22.
- Duración: 62 horas.

1.10.2.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.
 - CA1.1. Identificáronse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico en Calzado e Complementos de Moda e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.

- CA1.2. Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
- CA1.3. Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
- CA1.4. Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
- CA1.5. Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
- CA1.6. Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
- CA1.7. Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.
- RA2. Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñeceos en diferentes situacións de traballo.
 - CA2.1. Identificáronse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
 - CA2.2. Distinguíronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
 - CA2.3. Identificáronse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
 - CA2.4. Analizáronse as principais modalidades de contratación e identificáronse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
 - CA2.5. Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
 - CA2.6. Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico en Calzado e Complementos de Moda.
 - CA2.7. Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
 - CA2.8. Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.
 - CA2.9. Identificáronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.
 - CA2.10. Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
 - CA2.11. Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.
 - CA2.12. Identificáronse as características definatorias dos novos contornos de organización do traballo.
- RA3. Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.
 - CA3.1. Valorouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
 - CA3.2. Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social.

- CA3.3. Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.
- CA3.4. Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
- CA3.5. Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.
- RA4. Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.
 - CA4.1. Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
 - CA4.2. Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás exigencias do proceso produtivo.
 - CA4.3. Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
 - CA4.4. Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
 - CA4.5. Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico en Calzado e Complementos de Moda.
 - CA4.6. Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
 - CA4.7. Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico en Calzado e Complementos de Moda
 - CA4.8. Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
 - CA4.9. Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

1.10.2.2 Contidos básicos

BC1. Xestión do conflito e equipos de traballo

- Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
- Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.
- Equipos no sector da confección, o calzado e a marroquinaría segundo as funcións que desempeñen.
- Dinámicas de grupo.
- Equipos de traballo eficaces e eficientes.
- Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.
- Conflito: características, tipos, causas e etapas.

- Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

BC2. Contrato de traballo

- Dereito do traballo.
- Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
- Análise da relación laboral individual.
- Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
- Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico en Calzado e Complementos de Moda.
- Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.
- Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.
- Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.
- Sindicatos e asociacións empresariais.
- Representación das persoas traballadoras na empresa.
- Conflitos colectivos.
- Novos contornos de organización do traballo.

BC3. Seguridade social, emprego e desemprego

- A seguridade social como pilar do estado social.
- Estrutura do sistema de seguridade social.
- Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
- Protección por desemprego.
- Prestacións contributivas da seguridade social.

BC4. Procura activa de emprego

- Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
- Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico en Calzado e Complementos de Moda.
- Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
- Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico en Calzado e Complementos de Moda.
- Definición e análise do sector profesional do título de técnico en Calzado e Complementos de Moda.
- Proceso de toma de decisións.
- Proceso de procura de emprego no sector de actividade.
- Técnicas e instrumentos de procura de emprego.

1.10.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para que o alumnado se poida inserir laboralmente e desenvolver a súa carreira profesional no sector da confección, o calzado e a marroquinaría.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais m), ñ), o), p) e r) do ciclo formativo, e as competencias m), n), ñ), o), p) e q).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Manexo das fontes de información para a elaboración de itinerarios formativo-profesionalizadores, en especial no referente ao sector da confección, o calzado e a marroquinaría.
- Posta en práctica de técnicas activas de procura de emprego:
 - Realización de probas de orientación e dinámicas sobre as propias aspiracións, competencias e capacidades.
 - Manexo de fontes de información, incluídos os recursos de internet para a procura de emprego.
 - Preparación e realización de cartas de presentación e currículos (potenciarase o emprego doutros idiomas oficiais na Unión Europea no manexo de información e elaboración do currículo Europass).
- Familiarización coas probas de selección de persoal, en particular a entrevista de traballo.
- Identificación de ofertas de emprego público ás que se pode acceder en función da titulación, e resposta á súa convocatoria.
- Formación de equipos na aula para a realización de actividades mediante o emprego de técnicas de traballo en equipo.
- Estudo das condicións de traballo do sector da confección, o calzado e a marroquinaría a través do manexo da normativa laboral, dos contratos máis comunmente utilizados e do convenio colectivo de aplicación no sector da confección, o calzado e a marroquinaría.
- Superación de calquera forma de discriminación no acceso ao emprego e no desenvolvemento profesional.
- Análise da normativa de prevención de riscos laborais que lle permita a avaliación dos riscos derivados das actividades desenvolvidas no sector produtivo, así como a colaboración na definición dun plan de prevención para a empresa e das medidas necesarias para a súa posta en práctica.

O correcto desenvolvemento deste módulo exige a disposición de medios informáticos con conexión a internet e que polo menos dúas sesións de traballo semanais sexan consecutivas.

1.11 Módulo profesional: Empresa e iniciativa emprendedora

- Código: MP0609.
- Duración: 53 horas.

1.11.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.
 - CA1.1. Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
 - CA1.2. Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
 - CA1.3. Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
 - CA1.4. Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector da confección, o calzado e a marroquinaría.
 - CA1.5. Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
 - CA1.6. Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
 - CA1.7. Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito do calzado e os complementos de moda., que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
 - CA1.8. Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.
- RA2. Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.
 - CA2.1. Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
 - CA2.2. Analízase o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
 - CA2.3. Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
 - CA2.4. Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.

- CA2.5. Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa relacionada co calzado e os complementos de moda en función da súa posible localización.
- CA2.6. Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
- CA2.7. Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada co calzado e os complementos de moda e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
- CA2.8. Identificáronse, en empresas de calzado e complementos de moda, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
- CA2.9. Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
- CA2.10. Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
- CA2.11. Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa relacionada co calzado e os complementos de moda, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.
- CA2.12. Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.
- RA3. Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.
 - CA3.1. Analizouse o concepto de persoa empresarial, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.
 - CA3.2. Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
 - CA3.3. Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector da confección, o calzado e a marroquinaría.
 - CA3.4. Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
 - CA3.5. Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
 - CA3.6. Identificáronse os trámites exixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
 - CA3.7. Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
 - CA3.8. Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de calzado e complementos de moda tendo en conta a súa localización.
 - CA3.9. Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
- RA4. Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.

- CA4.1. Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
- CA4.2. Describíronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.
- CA4.3. Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resumos anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada co calzado e os complementos de moda, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidacións trimestrais e liquidacións anuais).
- CA4.4. Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, notas provisionais e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa de calzado e complementos de moda, e describíronse os circuitos que recorre esa documentación na empresa.
- CA4.5. Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

1.11.2 Contidos básicos

BC1. Iniciativa emprendedora

- Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de produción de calzado e complementos de moda (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).
- A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
- Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
- Actuación das persoas emprendedoras no sector da confección, o calzado e a marroquinaría
- O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
- Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.
- Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.
- Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito da produción de calzado e complementos de moda.

BC2. A empresa e o seu contorno

- A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.
- Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa relacionada co calzado e os complementos de moda: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
- Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de calzado e complementos de moda: clientela, provedores/as, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.

- Localización da empresa.
- A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.
- Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
- Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.
- Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.
- Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

BC3. Creación e posta en marcha dunha empresa

- Formas xurídicas das empresas.
- Responsabilidade legal do empresariado.
- A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.
- Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
- Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.
- Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de calzado e complementos de moda.
- Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

BC4. Función administrativa

- Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector da confección, o calzado e a marroquinaría.
- Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
- Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
- Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.
- Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.
- Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de calzado e complementos de moda: documentos administrativos e documentos de pagamento.
- Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

1.11.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desenvolver a propia iniciativa no ámbito empresarial, tanto cara ao autoemprego como cara á asunción de responsabilidades e funcións no emprego por conta allea.

A formación do módulo permite alcanzar os obxectivos xerais n), ñ), o), q), r), s) e t) do ciclo formativo, e as competencias q), r) e s).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os ob-

xectivos do módulo han versar sobre:

- Manexo das fontes de información sobre o sector das empresas de calzado e complementos de moda, incluíndo a análise dos procesos de innovación sectorial en marcha.
- Realización de casos e dinámicas de grupo que permitan comprender e valorar as actitudes das persoas emprendedoras e axustar a súa necesidade ao sector da confección, o calzado e a marroquinaría.
- Utilización de programas de xestión administrativa e financeira para pequenas e medianas empresas do sector.
- Realización dun proxecto empresarial relacionado coa actividade de calzado e complementos de moda composto por un plan de empresa e un plan financeiro e que inclúa todas as facetas de posta en marcha dun negocio.

O plan de empresa incluírá os seguintes aspectos: maduración da idea de negocio, localización, organización da produción e dos recursos, xustificación da súa responsabilidade social, plan de márketing, elección da forma xurídica, trámites administrativos, e axudas e subvencións.

O plan financeiro ha incluír o plan de tesouraría, a conta de resultados previsual e o balance previsual, así como a análise da súa viabilidade económica e financeira.

É aconsellable que o proxecto empresarial se vaia realizando conforme se desenvolvan os contidos relacionados nos resultados de aprendizaxe.

O correcto desenvolvemento deste módulo exige a disposición de medios informáticos con conexión a internet e que polo menos dúas sesións de traballo sexan consecutivas.

1.12 Módulo profesional: Lingua estranxeira profesional I

- Código: MPI011.
- Duración: 53 horas.

1.12.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Recoñece información cotiá e a máis habitual do ámbito profesional do técnico en Calzado e Complementos de Moda contida en discursos orais claros e en lingua estándar, emitidos en lingua estranxeira.
 - CA1.1. Identificouse a idea principal de mensaxes e de conversas.
 - CA1.2. Recoñeceuse a finalidade da mensaxe directa, telefónica ou por outro medio auditivo.
 - CA1.3. Extraéronse informacións específicas da mensaxe.
 - CA1.4. Comprenderonse as instrucións orais que poidan darse en procesos habituais de comunicación do seu ámbito profesional.
 - CA1.5. Identificáronse os puntos de vista e as actitudes de quen fala.
 - CA1.6. Identificáronse os usos culturais e sociolingüísticos que axudan na comprensión oral.
- RA2. Interpreta información contida en textos claros e cotiáns escritos en lingua estranxeira relacionados co ámbito profesional do técnico en Calzado e Complementos de Moda.
 - CA2.1. Comprenderonse textos do seu ámbito profesional e extraeuse a información máis relevante.
 - CA2.2. Interpretouse o contido global da mensaxe.
 - CA2.3. Interpretouse información específica recibida a través de diferentes soportes.
 - CA2.4. Comprenderonse textos de distintos tipos, co apoio de materiais de consulta e dicionarios técnicos.
 - CA2.5. Realizáronse traducións directas e inversas de textos sinxelos utilizando materiais de consulta e dicionarios técnicos.
 - CA2.6. Identificáronse os usos culturais e sociolingüísticos que axudan na comprensión escrita.
- RA3. Produce mensaxes orais sinxelas e participa en conversas habituais do ámbito profesional do técnico en Calzado e Complementos de Moda, tendo en conta o contido da situación.
 - CA3.1. Expresouse con eficacia sobre unha serie de temas profesionais, marcando a relación entre as ideas.
 - CA3.2. Realizáronse presentacións breves e preparadas sobre un tema da súa especialidade.
 - CA3.3. Preparouse unha presentación persoal.
 - CA3.4. Emitíronse mensaxes orais concretas para resolver situacións puntuais.

- CA3.5. Utilizouse correctamente a terminoloxía básica da profesión en producións orais.
- CA3.6. Describiuse o seu contorno profesional máis próximo co uso das estratexias de comunicación necesarias.
- CA3.7. Describiuse e secuenciouse de maneira xeral un proceso de traballo da súa competencia.
- CA3.8. Expúxose a aceptación ou o rexeitamento de propostas realizadas.
- CA3.9. Solicitouse a reformulación do discurso ou de parte del, cando se considerou que cumpría.
- CA3.10. Expresouse adoptando o nivel de formalidade adecuado.
- CA3.11. Respectáronse os usos culturais e sociolingüísticos que axudan na expresión oral.
- RA4. Elabora e cobre documentos e informes sinxelos propios da vida cotiá, académica e do ámbito profesional do técnico en Calzado e Complementos de Moda, consonte modelos e formatos habituais na lingua estranxeira.
 - CA4.1. Producíronse textos relacionados con aspectos profesionais e organizouse a información.
 - CA4.2. Cubriuse documentación específica básica do seu campo profesional.
 - CA4.3. Identificáronse os datos clave dun documento.
 - CA4.4. Realizáronse resumos de textos sinxelos relacionados co seu contorno profesional.
 - CA4.5. Utilizáronse a terminoloxía e o vocabulario elementais, específicos da profesión, en textos escritos.
 - CA4.6. Utilizáronse as fórmulas de cortesía básicas, propias do documento que se vaia elaborar.
 - CA4.7. Describíronse as funcións e as tarefas xerais do contorno laboral.
 - CA4.8. Describiuse un proceso de traballo da súa competencia.
 - CA4.9. Identificáronse o contido e a finalidade de documentos.
 - CA4.10. Respectáronse os usos culturais e sociolingüísticos que axudan na expresión escrita.

1.12.2 Contidos básicos

BC1. Recoñecemento da información cotiá e da máis habitual do ámbito profesional do técnico en Calzado e Complementos de Moda, contida en discursos orais claros e de lingua estándar, emitidos en lingua estranxeira

- Idea principal de mensaxes e de conversas.
- Finalidade de mensaxes directas, telefónicas ou por outro medio auditivo.
- Informacións específicas da mensaxe.
- Instrucións orais en procesos habituais de comunicación do seu ámbito profesional.
- Puntos de vista e actitudes de quen fala.
- Usos culturais e sociolingüísticos na comprensión oral.

BC2. Interpretación da información contida en textos claros e cotiáns escritos en lingua estranxeira relacionados co ámbito profesional do técnico en Calzado e Complementos de Moda

- Textos do ámbito profesional. Información máis relevante.
- Vocabulario básico do ámbito profesional.
- Contido global da mensaxe.
- Información específica recibida a través de diferentes soportes.
- Tipos de textos escritos.
- Tradución directa e inversa de textos sinxelos.
- Uso de dicionarios técnicos.
- Usos culturais e sociolingüísticos na comprensión escrita.

BC3. Producción de mensaxes orais sinxelas e participación en conversas habituais do ámbito profesional do técnico en Calzado e Complementos de Moda

- Expresión eficaz sobre temas profesionais. Relación entre ideas.
- Presentacións breves e preparadas sobre un tema da súa especialidade.
- Presentación persoal.
- Emisión de mensaxes orais concretas para resolver situacións puntuais.
- Terminoloxía básica da profesión en producións orais.
- Descrición do contorno profesional máis próximo. Estratexias de comunicación.
- Descrición de maneira xeral dun proceso de traballo da súa competencia. Secuenciación.
- Aceptación ou rexeitamento de propostas.
- Solicitud de reformulación do discurso.
- Niveis de formalidade: adecuación.
- Usos culturais e sociolingüísticos na expresión oral.

BC4. Elaboración e formalización de documentos e informes sinxelos propios da vida cotiá, académica e do ámbito profesional do técnico en Calzado e Complementos de Moda

- Producción de textos relacionados con aspectos profesionais. Organización da información.
- Formulación da documentación específica básica do campo profesional.
- Identificación dos datos clave dun documento.
- Resumos de textos sinxelos relacionados co seu contorno profesional.
- Vocabulario elemental específico da profesión. Terminoloxía.
- Fórmulas de cortesía básicas.
- Descrición das funcións e das tarefas xerais do contorno laboral.

- Descrición dun proceso de traballo da súa competencia.
- Documentación. Contido e finalidade.
- Usos culturais e sociolingüísticos na expresión escrita.

1.12.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para alcanzar unha competencia comunicativa básica en lingua estranxeira requirida para o desenvolvemento da actividade formativa do alumnado, para a súa inserción laboral e para o seu futuro exercicio profesional.

Para o desenvolvemento dunha competencia comunicativa básica cómpre introducir o contexto profesional propio do perfil do técnico en Calzado e Complementos de Moda nas actividades de ensino e aprendizaxe.

A formación do módulo é de carácter transversal e, xa que logo, contribúe a alcanzar os obxectivos xerais do ciclo formativo e as competencias xerais do título.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo están relacionadas con:

- Competencia comunicativa do alumnado como persoa usuaria independente da lingua estranxeira.
- Destrezas de comprensión e expresión na lingua estranxeira, tanto oralmente como por escrito, e destreza de interacción oral.
- Estratexias didácticas que incorporen o uso da lingua estranxeira en actividades propias do ámbito profesional do técnico en Calzado e Complementos de Moda.
- Vocabulario básico correspondente á terminoloxía do sector profesional.
- Contextos cultural e sociolingüístico da lingua estranxeira.
- Utilización das técnicas de comunicación para potenciar o traballo en equipo.
- Uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

1.13 Módulo profesional: Lingua estranxeira profesional II

- Código: MPI012.
- Duración: 53 horas.

1.13.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Interpreta información do ámbito profesional do técnico en Calzado e Complementos de Moda en conversas e textos orais claros, en lingua estranxeira, utilizando ferramentas de apoio.
 - CA1.1. Identificáronse a idea principal e as secundarias en conversas e textos orais claros.
 - CA1.2. Extraéronse informacións específicas de mensaxes.
 - CA1.3. Comprenderonse mensaxes de saúdo, presentación e despedida, e identificáronse as pautas de cortesía asociadas.
 - CA1.4. Extraéronse as ideas principais de conferencias, charlas e informes.
 - CA1.5. Identificáronse e utilizáronse as ferramentas de apoio máis adecuadas para a interpretación e a tradución da lingua estranxeira.
 - CA1.6. Interpretouse en textos orais información sobre os produtos e os servizos do ámbito profesional.
 - CA1.7. Analizáronse os usos culturais e sociolingüísticos que axudan na comprensión oral.
- RA2. Interpreta información profesional do ámbito do técnico en Calzado e Complementos de Moda en textos escritos e documentos claros, en lingua estranxeira, utilizando ferramentas de apoio, e analiza de xeito comprensivo os seus contidos
 - CA2.1. Identificáronse e utilizáronse as ferramentas de apoio máis adecuadas para a interpretación e a tradución da lingua estranxeira.
 - CA2.2. Interpretouse en textos escritos información sobre os produtos e os servizos do ámbito profesional.
 - CA2.3. Léronse e comprendéronse distintos tipos de textos.
 - CA2.4. Identificouse o contido xeral de artigos, noticias e informes claros sobre temas profesionais.
 - CA2.5. Analizouse información específica en mensaxes recibidas a través de diferentes soportes.
 - CA2.6. Analizáronse os usos culturais e sociolingüísticos que axudan na comprensión escrita.
- RA3. Produce mensaxes orais claras e mantén conversas sinxelas en lingua estranxeira, en situacións do ámbito profesional do técnico en Calzado e Complementos de Moda, analizando o contido de partida e adaptándose ao rexistro lingüístico do/da interlocutor/a.
 - CA3.1. Expresouse con fluidez e eficacia sobre temas profesionais, marcando a relación entre as ideas.

- CA3.2. Utilizáronse os rexistros adecuados para a emisión da mensaxe.
- CA3.3. Utilizáronse mensaxes de saúdo, presentación e despedida.
- CA3.4. Aplicáronse fórmulas comunicativas habituais na lingua estranxeira na produción de textos orais.
- CA3.5. Utilizouse un vocabulario técnico básico, adecuado ao contexto da situación.
- CA3.6. Comunicouse espontaneamente utilizando correctamente estratexias de interacción e nexos básicos, e adoptando un nivel de formalidade adecuado ás circunstancias.
- CA3.7. Formuláronse preguntas para favorecer e confirmar a percepción xeral da mensaxe.
- CA3.8. Proporcionáronse respostas básicas aos requirimentos e ás instrucións recibidas.
- CA3.9. Transmitíronse mensaxes relativas ás eventualidades máis habituais do ámbito profesional.
- CA3.10. Atendéronse consultas telefónicas propias do ámbito profesional.
- CA3.11. Aplicáronse os usos culturais e sociolingüísticos na expresión oral.
- RA4. Cobre documentos e redacta textos ben enlazados no ámbito profesional do técnico en Calzado e Complementos de Moda.
 - CA4.1. Formalizáronse formularios, informes breves e outro tipo de documentos normalizados ou rutineiros.
 - CA4.2. Redactáronse cartas, correos electrónicos, notas e informes sinxelos consono as convencións apropiadas para estes textos.
 - CA4.3. Resumíronse informacións de revistas, folletos e outras fontes, sobre asuntos relacionados co ámbito profesional.
 - CA4.4. Aplicáronse fórmulas comunicativas habituais na lingua estranxeira na produción de textos escritos.
 - CA4.5. Elaboráronse documentos propios da actividade profesional empregando o vocabulario e os signos de puntuación adecuados.
 - CA4.6. Elaboráronse documentos das incidencias e reclamacións máis habituais.
 - CA4.7. Redactouse a carta de presentación para unha oferta de emprego.
 - CA4.8. Elaborouse un currículo no modelo europeo (Europass) ou outros propios dos países da lingua estranxeira.
 - CA4.9. Aplicáronse os usos culturais e sociolingüísticos na expresión escrita.

1.13.2 Contidos básicos

BC1. Interpretación de información do ámbito profesional do técnico en Calzado e Complementos de Moda en conversas e textos orais claros, en lingua estranxeira

- Idea principal e ideas secundarias en conversas e textos orais claros
- Informacións específicas de mensaxes.
- Mensaxes de saúdo, presentación e despedida. Pautas de cortesía asociadas.
- Conferencias, charlas e informes. Ideas principais.
- Interpretación e tradución da lingua estranxeira. Ferramentas de apoio.

- Información sobre os produtos e os servizos do ámbito profesional en textos orais: interpretación.
- Usos culturais e sociolingüísticos na comprensión oral.

BC2. Interpretación de información profesional do ámbito do técnico en Calzado e Complementos de Moda en textos escritos e documentos claros, en lingua estranxeira

- Interpretación e tradución da lingua estranxeira: identificación e utilización das ferramentas de apoio.
- Información sobre os produtos e os servizos do ámbito profesional en textos escritos: interpretación.
- Tipos de textos escritos.
- Terminoloxía básica do ámbito profesional.
- Artigos, noticias e informes claros sobre temas profesionais: identificación de contidos xerais.
- Información específica en mensaxes recibidas a través de diferentes soportes.
- Usos culturais e sociolingüísticos na comprensión escrita.

BC3. Producción de mensaxes orais claras e mantemento de conversas sinxelas en lingua estranxeira, en situacións do ámbito profesional do técnico en Calzado e Complementos de Moda.

- Expresión fluída e eficaz sobre temas profesionais. Relación entre ideas.
- Rexistros adecuados para a emisión da mensaxe.
- Mensaxes de saúdo, presentación e despedida.
- Fórmulas comunicativas habituais na lingua estranxeira na produción de textos orais.
- Vocabulario técnico básico en producións orais.
- Estratexias de interacción e nexos básicos na comunicación espontánea. Niveis de formalidade.
- Preguntas para favorecer e confirmar a percepción xeral dunha mensaxe.
- Requirimentos e instrucións: respostas básicas.
- Mensaxes relativas ás eventualidades máis habituais do ámbito profesional.
- Consultas telefónicas propias do ámbito profesional.
- Usos culturais e sociolingüísticos na expresión oral.

BC4. Formalización de documentos e redacción de textos ben enlazados no ámbito profesional do técnico en Calzado e Complementos de Moda, en lingua estranxeira

- Formularios, informes breves e outro tipo de documentos normalizados ou rutineiros. Formalización.
- Cartas, correos electrónicos, notas e informes sinxelos. Redacción. Convencións.
- Revistas, folletos e outras fontes. Resumo da información sobre asuntos do ámbito profesional.

- Fórmulas comunicativas habituais na produción de textos escritos.
- Documentos propios da actividade profesional: elaboración. Signos de puntuación.
- Incidencias e reclamacións máis habituais: elaboración de documentos.
- Carta de presentación para unha oferta de emprego.
- Currículo no modelo europeo (Europass) ou outros propios dos países da lingua estranxeira.
- Usos culturais e sociolingüísticos na expresión escrita.

1.13.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para alcanzar unha competencia comunicativa básica en lingua estranxeira requirida para o desenvolvemento da actividade formativa do alumnado, para a súa inserción laboral e para o seu futuro exercicio profesional.

Para o desenvolvemento dunha competencia comunicativa básica cómpre introducir o contexto profesional propio do perfil do técnico en Calzado e Complementos de Moda nas actividades de ensino e aprendizaxe.

A formación do módulo é de carácter transversal e, xa que logo, contribúe a alcanzar os obxectivos xerais do ciclo formativo e as competencias xerais do título.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo están relacionadas con:

- Competencia comunicativa do alumnado como persoa usuaria independente da lingua estranxeira.
- Destrezas de comprensión e expresión na lingua estranxeira, tanto oralmente como por escrito, e destreza de interacción oral.
- Estratexias didácticas que incorporen o uso da lingua estranxeira en actividades propias do ámbito profesional do técnico en Calzado e Complementos de Moda.
- Vocabulario básico correspondente á terminoloxía do sector profesional.
- Contextos cultural e sociolingüístico da lingua estranxeira.
- Utilización das técnicas de comunicación para potenciar o traballo en equipo.
- Uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

1.14 Módulo profesional: Formación en centros de trabajo

- Código: MP0610.
- Duración: 410 horas.

1.14.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Identifica a estrutura e a organización da empresa en relación coa produción e a comercialización dos produtos que obtén.
 - CA1.1. Identificouse a estrutura organizativa da empresa e as funcións de cada área.
 - CA1.2. Comprobouse a estrutura da empresa coas organizacións empresariais tipo existentes no sector.
 - CA1.3. Identificáronse os elementos que constitúen a rede lóxística da empresa (provedores/as, clientela, sistemas de produción e almacenaxe, etc.).
 - CA1.4. Identificáronse os procedementos de traballo no desenvolvemento da prestación de servizo.
 - CA1.5. Valoráronse as competencias necesarias dos recursos humanos para o desenvolvemento óptimo da actividade.
 - CA1.6. Valorouse a idoneidade das canles de difusión máis frecuentes nesta actividade.
- RA2. Amosa hábitos éticos e laborais no desenvolvemento da súa actividade profesional, de acordo coas características do posto de traballo e cos procedementos establecidos na empresa.
 - CA2.1. Recoñecéronse e xustificáronse a dispoñibilidade persoal e temporal necesarias no posto de traballo.
 - CA2.2. Recoñecéronse e xustificáronse as actitudes persoais (puntualidade, empatía, etc.) e profesionais (orde, limpeza, responsabilidade, etc.) necesarias para o posto de traballo.
 - CA2.3. Recoñecéronse e xustificáronse os requisitos actitudinais ante a prevención de riscos na actividade profesional.
 - CA2.4. Recoñecéronse e xustificáronse os requisitos actitudinais referidos á calidade na actividade profesional.
 - CA2.5. Recoñecéronse e xustificáronse as actitudes relacionadas co propio equipo de traballo e coa xerarquía establecida na empresa.
 - CA2.6. Recoñecéronse e xustificáronse as actitudes relacionadas coa documentación das actividades realizadas no ámbito laboral.
 - CA2.7. Recoñecéronse e xustificáronse as necesidades formativas para a inserción e a reinserción laboral no ámbito científico e técnico do bo facer profesional.
 - CA2.8. Identificáronse as normas de prevención de riscos laborais e os aspectos fundamentais da lei de prevención de riscos laborais de aplicación na actividade profesional.

- CA2.9. Aplicáronse os equipamentos de protección individual segundo os riscos da actividade profesional e as normas da empresa.
- CA2.10. Mantívose unha actitude de respecto polo ambiente nas actividades desenvolvidas.
- CA2.11. Mantivéronse organizados, limpos e libres de obstáculos o posto de traballo e a área correspondente ao desenvolvemento da actividade.
- CA2.12. Responsabilizouse do traballo asignado, interpretando e cumprindo as instrucións recibidas.
- CA2.13. Estableceuse unha comunicación eficaz coa persoa responsable en cada situación e cos membros do equipo.
- CA2.14. Coordinouse co resto do equipo e comunicou as incidencias salientables.
- CA2.15. Valorouse a importancia da actividade propia e a necesidade de adaptación aos cambios de tarefas.
- CA2.16. Responsabilizouse da aplicación das normas e dos procedementos no desenvolvemento do seu traballo.
- RA3. Realiza operacións de preparación da actividade laboral aplicando técnicas e procedementos de acordo con instrucións e normas establecidas.
 - CA3.1. Interpretáronse as instrucións recibidas para a preparación da actividade laboral.
 - CA3.2. Identificouse a documentación asociada á preparación dos procesos laborais que cumpra desenvolver.
 - CA3.3. Utilizáronse os procedementos de control consonte as instrucións ou normas establecidas.
 - CA3.4. Identificáronse as necesidades de acondicionamento dos espazos onde se vaia realizar a actividade laboral.
 - CA3.5. Aplicáronse correctamente os criterios para o inicio da actividade laboral, tendo en conta instrucións e normas establecidas.
 - CA3.6. Recoñecéronse e determináronse as necesidades das persoas destinatarias do servizo tendo en conta os protocolos establecidos.
 - CA3.7. Realizáronse correctamente os procedementos para o primeiro contacto coas persoas usuarias, utilizando medios e aplicando técnicas segundo instrucións e normas establecidas.
 - CA3.8. Identificáronse as dificultades xurdidas no proceso de preparación da actividade laboral.
 - CA3.9. Realizáronse as actividades de preparación tendo en conta os principios de respecto pola intimidade das persoas usuarias.
- RA4. Pon en práctica as actividades previstas no plan de traballo relacionando as instrucións e as normas establecidas coa aplicación de procedementos e técnicas inherentes ás actividades que se vaian desenvolver.
 - CA4.1. Interpretáronse as instrucións recibidas para a realización da actividade laboral.
 - CA4.2. Identificouse a documentación asociada aos procesos laborais que cumpra desenvolver.
 - CA4.3. Realizáronse as tarefas seguindo os procedementos establecidos.

- CA4.4. Realizáronse as actividades laborais tendo en conta os criterios deontolóxicos da profesión.
- CA4.5. Respectouse a confidencialidade da información relativa ás persoas usuarias coas que se teña relación.
- CA4.6. Empregáronse as actitudes adecuadas ao tipo de persoa usuaria, á situación ou á tarefa.
- CA4.7. Empregáronse os recursos técnicos apropiados á actividade.
- CA4.8. Seguíronse os procedementos establecidos na utilización dos recursos técnicos.
- CA4.9. Relacionáronse as técnicas empregadas coas necesidades das persoas destinatarias do servizo.
- RA5. Cumpre criterios de seguridade e hixiene, actuando conforme normas hixiénico-sanitarias, de seguridade laboral e de protección ambiental.
 - CA5.1. Recoñecéronse as normas hixiénico-sanitarias de obrigado cumprimento relacionadas coa normativa legal e as específicas da propia empresa.
 - CA5.2. Recoñecéronse os comportamentos ou as aptitudes susceptibles de producir problemas hixiénico-sanitarios ou de seguridade.
 - CA5.3. Empregouse a vestimenta apropiada á actividade.
 - CA5.4. Aplicáronse os equipamentos de protección individual segundo os riscos da actividade profesional e as normas da empresa.
 - CA5.5. Identificáronse as normas de prevención de riscos laborais que cumpra aplicar na actividade profesional e os aspectos fundamentais da lexislación aplicable.
 - CA5.6. Mantívose unha actitude clara de respecto polo ambiente nas actividades desenvolvidas e aplicáronse as normas internas e externas vinculadas.
 - CA5.7. Executáronse as operacións de recollida, selección, clasificación e eliminación ou vertido de residuos.
- RA6. Analiza o servizo prestado en relación cos criterios de calidade do procedemento de intervención.
 - CA6.1. Valorouse o grao de cumprimento das instrucións recibidas para a realización da actividade laboral.
 - CA6.2. Identificouse a documentación asociada aos procesos de control e seguimento da súa actividade.
 - CA6.3. Amosouse unha actitude crítica coa realización das actividades.
 - CA6.4. Comprobouse o seguimento do procedemento establecido para a realización das tarefas.
 - CA6.5. Aplicáronse os criterios deontolóxicos da profesión na realización das actividades profesionais.
 - CA6.6. Argumentouse a adecuación das técnicas e dos recursos empregados.

1.14.2 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contribúe a completar as competencias do título de técnico en Calzado e Complementos de Moda, e os obxectivos xerais do ciclo, tanto os que se alcanzaran no centro educativo como os de difícil consecución nel.

1.15 Módulo profesional: Calzado e tendencias

- Código: MP0611.
- Duración: 70 horas.

1.15.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Xustifica as razóns das persoas para se calzaren e utilizaren artigos de marroquinaría, analizando as súas motivacións.
 - CA1.1. Formuláronse os motivos que induciron as persoas á protección dos pés con peles e outros materiais.
 - CA1.2. Propuxéronse os motivos que induciron as persoas ao uso de recipientes para o transporte e a conservación de obxectos, moedas e produtos de diversa índole.
 - CA1.3. Explicáronse as razóns de índole social e estética que motivaron o uso de calzado e artigos de marroquinaría, en diferentes etapas da historia.
 - CA1.4. Enumeráronse outras razóns como motivación para o uso de calzados específicos e artigos de marroquinaría.
- RA2. Explica a evolución do calzado e dos artigos de marroquinaría, en relación cos estilos e as tendencias de cada época.
 - CA2.1. Describiuse o calzado das persoas primitivas e o seu uso.
 - CA2.2. Recoñecéronse os artigos de marroquinaría e o calzado nas antigas civilizacións, nomeadamente na exipcia, na grega e na romana.
 - CA2.3. Identificáronse os artigos de marroquinaría utilizados en cada época da historia.
 - CA2.4. Describíronse as principais características do calzado e dos artigos de marroquinaría ata o século X.
 - CA2.5. Explicouse o concepto de "moda do calzado" e a súa aparición no século XII.
 - CA2.6. Identificáronse as características específicas do calzado e dos artigos de marroquinaría na Idade Media e no Renacemento para cada clase social (civil, militar e eclesiástica).
 - CA2.7. Identificáronse as confrontacións bélicas do século XVIII, a Revolución Francesa e as guerras mundiais do século XX como creadoras de novas tendencias e de moda.
 - CA2.8. Explicáronse os factores influentes nas tendencias de calzado e artigos de marroquinaría nos últimos séculos.
- RA3. Describe a evolución da industria do calzado e a marroquinaría, identificando as consecuencias para a profesión de zapateiro/a.
 - CA3.1. Identificouse o taller de zapataría e a profesión de zapateiro/a nas antigas civilizacións e o seu funcionamento no antigo Exipto, en Grecia e en Roma.
 - CA3.2. Recoñeceuse a fabricación de calzado nos primeiros anos do cristianismo en Europa.
 - CA3.3. Definiuse a profesión de zapateiro/a na Idade Media e no Renacemento.

- CA3.4. Explicouse a evolución da industria da fabricación de calzado e a aparición das confrarías e dos gremios.
- CA3.5. Identificouse a repercusión da industrialización do século XVIII no proceso de fabricación de calzado.
- CA3.6. Identificáronse as primeiras máquinas para a fabricación de calzado.
- CA3.7. Relacionouse a expansión do calzado coa expansión da confección industrial.
- RA4. Esboza calzado e artigos de marroquinaría, e xustifica a combinación de formas, cores, texturas e materiais seleccionados.
 - CA4.1. Preparáronse os utensilios e os materiais necesarios para debuxar deseños de calzado e marroquinaría.
 - CA4.2. Seleccionouse un motivo inspirador do deseño que cumpra realizar.
 - CA4.3. Efectuouse un esbozo do futuro deseño.
 - CA4.4. Compuxéronse varias combinacións e formas acordes co motivo do deseño.
 - CA4.5. Aplicáronse adornos.
 - CA4.6. Elixíuse a combinación de texturas, cores e motivos máis apropiada á tendencia imperante no momento.
 - CA4.7. Respectáronse as proporcións antropométricas na elaboración.
 - CA4.8. Realizouse o esbozo con pulcritude e limpeza.
- RA5. Identifica tendencias, modas e deseños de calzado e marroquinaría, valorando as correntes socioculturais e profesionais actuais.
 - CA5.1. Identificáronse modelos actuais de calzado e artigos de marroquinaría.
 - CA5.2. Recoñeceuse a evolución actual no deseño e as tendencias creativas en calzado e artigos de marroquinaría.
 - CA5.3. Relacionouse a tendencia co sector ao que se dirixa (infantil, xuvenil, señora e cabaleiro).
 - CA5.4. Relacionouse a tendencia co contexto social (deportivo, lecer e etiqueta).
 - CA5.5. Identificáronse materiais específicos e deseños especiais en calzado de protección para diversas profesións e/ou actividades.
 - CA5.6. Seleccionáronse artigos de marroquinaría destinados á protección e á prevención de riscos.
 - CA5.7. Relacionáronse as tendencias de moda no vestir coa súa adecuación a diferentes tipos de calzado.
 - CA5.8. Elaborouse un expediente sobre a información obtida acerca de tendencias e composicións de cores.

1.15.2 Contidos básicos

BC1. Xustificación e motivación das persoas para se calzaren e usaren artigos de marroquinaría

- Factores influentes no ser humano para cubrir os pés ao longo da historia e para utilizar artigos de marroquinaría para o transporte e a conservación de obxectos.
- Profesións e oficios con risco para a integridade dos pés.

- Significado social dos tipos e dos modelos de calzado e de artigos de marroquinaría.
- O calzado e os artigos de marroquinaría como identificador de pertenza a un grupo social ou profesional.

BC2. Explicación da evolución do calzado e dos artigos de marroquinaría

- Calzado das persoas primitivas.
- O calzado e os artigos de marroquinaría nos grandes imperios da antigüidade: Exipto, Grecia e Roma.
- Evolución do calzado e dos artigos de marroquinaría ata o século X. As confrarías nos séculos X e XI.
- Calzado e artigos de marroquinaría nos séculos XII e XIII.
- Zapato español no século XVI.
- Moda e aparición do tacón no século XVII.
- Calzado e artigos de marroquinaría na Idade Media.
- Calzado e artigos de marroquinaría no Renacemento.
- Moda do calzado e dos artigos de marroquinaría no Rococó.
- Fitos históricos influentes na evolución do calzado e dos artigos de marroquinaría ata principios do século XX: conflitos armados do século XVIII e a importancia da bota; Revolución Francesa e aparición do espírito de moda actual; conflitos armados do século XX (guerras mundiais) e outros prescritesores de moda.

BC3. Descrición da industria do calzado e a marroquinaría ao longo da historia

- Profesión de zapateiro/a nas civilizacións antigas: Exipto, Grecia e Roma.
- Evolución da profesión ao longo da historia.
- Gremios: a súa aparición no século XI.
- Repercusión da Revolución Industrial na fabricación de calzado.
- Primeiras máquinas para fixación de tacóns e solas.
- Fabricación industrial e artesá.
- Enriquecemento da industria do calzado. Zapateiro/a de remendos.
- Aparición da numeración do calzado.
- Calzado e marroquinaría como complemento dunha peza de vestir.

BC4. Elaboración de esbozos de calzado e artigos de marroquinaría

- Materiais e utensilios empregados para realizar deseños de calzado e marroquinaría.
- Motivos e inspiración de deseños.
- Aplicación de combinacións de cores e texturas.
- Esbozos de moda: tipos. Realización de esbozos.
- Proporcións na realización de figurinos.
- Aplicación de motivos en diferentes materiais e texturas.

BC5. Identificación de tendencias, modas e deseños de calzado e marroquinaría

- Calzado e artigos de marroquinaría actuais.
- Evolución do deseño e tendencias creativas.
- Correntes socioculturais e profesionais actuais.
- Calzado e artigos de marroquinaría de seguridade e protección persoal.
- Tendencias segundo o sector (infantil, xuvenil, señora e cabaleiro).
- Tendencias segundo o contexto social (deportivo, lecer e etiqueta).
- Calzado e marroquinaría como complemento dunha imaxe persoal. Relación coas tendencias de moda en indumentaria.
- Fichas e expedientes.
- Identificación dun estilo.
- Salóns monográficos.
- Feiras da moda.
- Desfiles en pasarelas de moda.
- Revistas técnicas.
- Páxinas web e medios de comunicación.
- Selección de documentación e elaboración de informes.

1.15.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional é soporte e contén a información necesaria para fundamentar os módulos específicos.

A formación contida neste módulo aplícase a diferentes funcións deste/a técnico/a e abrangue aspectos relacionados con:

- Identificación de tendencias do calzado e da marroquinaría desde o principio da humanidade ata a actualidade.
- Análise da influencia que tivo sobre a moda a situación política e económica de cada país e en cada época.
- Análise da evolución do oficio de zapateiro/a a través dos séculos.
- Manexo de formas e de cartas de cores que se empregaron e que se empregan normalmente en diferentes estamentos sociais.
- Identificación de estruturas, peles e outros materiais usados na evolución da fabricación do calzado e da marroquinaría.
- Obtención de información acerca das novas modas e tendencias, a través de diversas canles.
- Elaboración de bosquejos e deseños básicos de novos modelos de artigos de calzado e marroquinaría.

A definición destas funcións abrangue aspectos como:

- Identificación de materias primas e auxiliares.
- Análise de tendencias de formas, materias e coloridos.

- Elaboración de bosquejos.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse na realización de deseños de calzado e de artigos de marroquinaría.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais b), c), g), j), k), l) e m) do ciclo formativo e as competencias a), c), g), i) e j).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Historia do calzado.
- Análise de formas e materiais para calzado e marroquinaría ao longo da historia das civilizacións (as súas motivacións e as súas causas).
- Análise da cor e elaboración de cartas de cores.
- Influencia das novas tecnoloxías nos deseños do calzado e dos artigos de marroquinaría.
- Seguimento de diversas canles relacionadas co mundo do calzado e da marroquinaría (salóns monográficos, pasarelas da moda, revistas especializadas, televisión, etc.).

2. Anexo II

A) Espazos mínimos

Espazo formativo	Superficie en m ² (30 alumnos/as)	Superficie en m ² (20 alumnos/as)	Grao de utilización
Aula polivalente.	60	40	20 %
Aula de padronaxe.	90	60	25 %
Taller de fabricación de calzado.	240	140	50 %
Laboratorio de materiais.	60	40	5 %

- A consellería con competencias en materia de educación poderá autorizar unidades para menos de trinta postos escolares, polo que será posible reducir os espazos formativos proporcionalmente ao número de alumnos e alumnas, tomando como referencia para a determinación das superficies necesarias as cifras indicadas nas columnas segunda e terceira da táboa.
- O grao de utilización expresa en tanto por cento a ocupación en horas do espazo prevista para a impartición das ensinanzas no centro educativo, por un grupo de alumnado, respecto da duración total destas.
- Na marxe permitida polo grao de utilización, os espazos formativos establecidos poden ser ocupados por outros grupos de alumnos ou alumnas que cursen o mesmo ou outros ciclos formativos, ou outras etapas educativas.
- En todo caso, as actividades de aprendizaxe asociadas aos espazos formativos (coa ocupación expresada polo grao de utilización) poderán realizarse en superficies utilizadas tamén para outras actividades formativas afíns.

B) Equipamentos mínimos

Equipamento
<ul style="list-style-type: none">- Moblaxe axeitada para cada espazo- Equipamentos informáticos en rede e con conexión a internet. Software de propósito xeral.- Equipamentos audiovisuais.- Contedor de residuos.- Mesas de debuxo.- Plóter para corte e marcación.- Mesa para copiar padróns.- Máquina de rebaixar.- Máquina de bordar.- Máquinas de corte de banda.- Formas de calzado (señora, cabaleiro e infantil por talles).- Máquina de dividir.- Máquina de picar.- Cisallas de padróns.- Cabina de dar adhesivo.- Cabina de acabado.- Molde de vulcanización.- Maquinaria e ferramentas para a montaxe e o acabado de calzado e complementos de moda.- Microscopios.- Balanzas de precisión.- Aspa para numeración de fíos.

Equipamento

- Romana para numeración de fíos.
- Filoplano.
- Torsiómetro.
- Balanza electrónica de precisión.
- Dinamómetro para fíos e tecidos.
- Equipamento de laboratorio de química xeral, e para análise de material.
- Flexómetro de empeñas.
- Abrasímetro.
- Estufa de acondicionamento de materiais téxtiles.
- Medidor de pilling.
- Esclatómetro.
- Permeabilímetro.
- Medidor do grosor de peles e tecidos.
- Escala de azuis e grises.

3. Anexo III

A) Especialidades do profesorado con atribución docente nos módulos profesionais do ciclo formativo de grao medio de Calzado e Complementos de Moda

Módulo profesional	Especialidade do profesorado	Corpo
<ul style="list-style-type: none"> MP0611. Calzado e tendencias. 	Procesos e Produtos de Têxtil, Confección e Pel.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
<ul style="list-style-type: none"> MP0116. Principios de mantemento electromecánico. 	Padronaxe e Confección.	Profesorado técnico de formación profesional.
<ul style="list-style-type: none"> MP0267. Corte de materiais. 	Padronaxe e Confección.	Profesorado técnico de formación profesional.
<ul style="list-style-type: none"> MP0275. Materias têxtils e pel. 	Procesos e Produtos de Têxtil, Confección e Pel.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
<ul style="list-style-type: none"> MP0269. Confección industrial. 	Padronaxe e Confección.	Profesorado técnico de formación profesional.
<ul style="list-style-type: none"> MP0603. Montaxe e acabado de artigos de marroquinaria. 	Padronaxe e Confección.	Profesorado técnico de formación profesional.
<ul style="list-style-type: none"> MP0604. Montaxe e acabado de calzado. 	Padronaxe e Confección.	Profesorado técnico de formación profesional.
<ul style="list-style-type: none"> MP0605. Procesos de elaboración de calzado á medida. 	Procesos e Produtos de Têxtil, Confección e Pel.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
<ul style="list-style-type: none"> MP0606. Técnicas de fabricación de calzado á medida e ortopédico. 	Padronaxe e Confección.	Profesorado técnico de formación profesional.
<ul style="list-style-type: none"> MP0607. Transformación de calzado para espectáculo. 	Padronaxe e Confección.	Profesorado técnico de formación profesional.
<ul style="list-style-type: none"> MP0608. Formación e orientación laboral. 	Formación e Orientación Laboral.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
<ul style="list-style-type: none"> MP0609. Empresa e iniciativa emprendedora. 	Formación e Orientación Laboral.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
<ul style="list-style-type: none"> MPI011. Lingua estranxeira profesional I. 	Especialidade da lingua estranxeira en que se imparta o módulo. Padronaxe e Confección. (*) Procesos e Produtos de Têxtil, Confección e Pel. (*)	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario. Profesorado técnico de formación profesional.
<ul style="list-style-type: none"> MPI012. Lingua estranxeira profesional II. 	Especialidade da lingua estranxeira en que se imparta o módulo. Padronaxe e Confección. (*) Procesos e Produtos de Têxtil, Confección e Pel. (*)	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario. Profesorado técnico de formación profesional.

(*) Profesorado con atribución docente no ciclo formativo que posúa a habilitación lingüística que corresponda ao nivel C1 do Marco común europeo de referencia para as linguas, de acordo coa normativa aplicable en Galicia.

B) Titulacións equivalentes para os efectos de docencia

Corpos	Especialidades	Titulacións
<ul style="list-style-type: none"> Profesorado de ensino secundario. 	Formación e Orientación laboral.	<ul style="list-style-type: none"> Diplomado/a en Ciencias Empresariais. Diplomado/a en Relacións Laborais Diplomado/a en Traballo Social. Diplomado/a en Educación Social. Diplomado/a en Xestión e Administración Pública.
	Procesos e Produtos de Têxtil, Confección e Pel.	<ul style="list-style-type: none"> Enxeñeiro/a técnico/a industrial, especialidade Têxtil.

C) Titulacións requiridas para a impartición dos módulos profesionais que conforman o título para os centros de titularidade privada e doutras administracións distintas da educativa, e orientacións para a Administración educativa

Módulos profesionais	Titulacións
<ul style="list-style-type: none"> MP0611. Calzado e tendencias. MP0275. Materias têxtils e pel. MP0605. Procesos de elaboración de calzado á medida. MP0608. Formación e orientación laboral. MP0609. Empresa e iniciativa emprendedora. MPI011. Lingua estranxeira profesional I. MPI012. Lingua estranxeira profesional II. 	<ul style="list-style-type: none"> Licenciado/a, enxeñeiro/a, arquitecto/a ou o título de grao correspondente, ou outros títulos equivalentes para os efectos de docencia.
<ul style="list-style-type: none"> MP0267. Corte de materiais. MP0116. Principios de mantemento electromecánico. MP0269. Confección industrial. MP0603. Montaxe e acabamento de artigos de marroquinaría. MP0604. Montaxe e acabamento de calzado. MP0606. Técnicas de fabricación de calzado á medida e ortopédico. MP0607. Transformación de calzado para espectáculos. 	<ul style="list-style-type: none"> Licenciado/a, enxeñeiro/a, arquitecto/a ou o título de grao correspondente, ou outros títulos equivalentes para os efectos de docencia. Diplomado/a, enxeñeiro/a técnico/a, arquitecto/a técnico/a ou o título de grao correspondente, ou outros títulos equivalentes para os efectos de docencia.

4. Anexo IV

A) Validacións entre módulos profesionais de títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990 (LOXSE) e os establecidos no título de técnico en Calzado e Complementos de Moda ao abeiro da Lei orgánica 2/2006

Módulos profesionais incluídos nos ciclos formativos establecidos na LOXSE	Módulos profesionais do ciclo formativo (LOE): Calzado e Complementos de Moda
<ul style="list-style-type: none"> A validación de módulos profesionais establecidos no título de Calzado e Complementos de Moda, derivado da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, cando se acheguen módulos profesionais incluídos nun título de formación profesional derivado da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, rexerá polo establecido no anexo II do Real decreto 1085/2020, do 9 de decembro. 	<ul style="list-style-type: none"> A validación de módulos profesionais establecidos no título de Calzado e Complementos de Moda, derivado da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, cando se acheguen módulos profesionais incluídos nun título de formación profesional derivado da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, rexerá polo establecido no anexo II do Real decreto 1085/2020, do 9 de decembro.
<ul style="list-style-type: none"> Calquera módulo profesional de Lingua estranxeira de ciclos formativos de grao medio ou de grao superior establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, en calquera das súas denominacións, referidos á mesma lingua do módulo a validar. 	<ul style="list-style-type: none"> MPIO11. Lingua estranxeira profesional I. MPIO12. Lingua estranxeira profesional II.

B) Validacións entre módulos profesionais de títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006 (LOE) e os establecidos no título de técnico en Calzado e Complementos de Moda

Formación achegada	Formación para validar
Módulos profesionais e ciclos formativos aos que pertencen	Módulos profesionais para validar
<ul style="list-style-type: none"> A validación de módulos profesionais establecidos no título de Calzado e Complementos de Moda, derivado da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, cando se acheguen módulos profesionais incluídos nun título de formación profesional derivado da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, rexerá polo establecido no anexo III do Real decreto 1085/2020, do 9 de decembro. 	<ul style="list-style-type: none"> A validación de módulos profesionais establecidos no título de Calzado e Complementos de Moda, derivado da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, cando se acheguen módulos profesionais incluídos nun título de formación profesional derivado da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, rexerá polo establecido no anexo III do Real decreto 1085/2020, do 9 de decembro.
<ul style="list-style-type: none"> Calquera módulo profesional de Lingua estranxeira profesional I de grao medio ou de grao superior, referido á mesma lingua do módulo a validar. 	<ul style="list-style-type: none"> MPIO11. Lingua estranxeira profesional I.
<ul style="list-style-type: none"> Calquera módulo profesional de Lingua estranxeira profesional II de grao medio ou de grao superior, referido á mesma lingua do módulo a validar. 	<ul style="list-style-type: none"> MPIO12. Lingua estranxeira profesional II.
<ul style="list-style-type: none"> Calquera módulo profesional de Lingua estranxeira de ciclos formativos de grao medio ou de grao superior establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en calquera das súas denominacións, referidos á mesma lingua do módulo a validar. 	<ul style="list-style-type: none"> MPIO11. Lingua estranxeira profesional I. MPIO12. Lingua estranxeira profesional II.

C) Validacións entre módulos profesionais establecidos no título de técnico en Calzado e Complementos de Moda e os doutros títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006 (LOE)

Formación achegada	Formación para validar
Módulos profesionais	Módulos profesionais e ciclos formativos aos que pertencen
<ul style="list-style-type: none"> A validación de módulos profesionais incluídos nun título de formación profesional derivado da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, cando se acheguen módulos profesionais establecidos no título de Calzado e Complementos de Moda, derivado da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, rexeráse polo establecido no anexo III do Real decreto 1085/2020, do 9 de decembro. 	<ul style="list-style-type: none"> A validación de módulos profesionais incluídos nun título de formación profesional derivado da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, cando se acheguen módulos profesionais establecidos no título de Calzado e Complementos de Moda, derivado da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, rexeráse polo establecido no anexo III do Real decreto 1085/2020, do 9 de decembro.
<ul style="list-style-type: none"> MPI011. Lingua estranxeira profesional I. 	<ul style="list-style-type: none"> Calquera módulo profesional de Lingua estranxeira profesional I de grao medio, referido á mesma lingua do módulo a validar.
<ul style="list-style-type: none"> MPI012. Lingua estranxeira profesional II. 	<ul style="list-style-type: none"> Calquera módulo profesional de Lingua estranxeira profesional II de grao medio, referido á mesma lingua do módulo a validar.

D) Outras validacións dos módulos de Lingua estranxeira profesional

Formación achegada	Módulos profesionais a validar
<ul style="list-style-type: none"> Certificado de aptitude de escola oficial de idiomas (Real decreto 967/1988, do 2 de setembro) ou de nivel intermedio (B1) ou superior, de escola oficial de idiomas (Real decreto 1629/2006, do 29 de decembro), sempre que estean referidos á mesma lingua do módulo a validar. 	<ul style="list-style-type: none"> MPI011. Lingua estranxeira profesional I. MPI012. Lingua estranxeira profesional II.
<ul style="list-style-type: none"> Certificado que acredite un nivel B1 ou superior do Marco común europeo de referencia para as linguas, sempre que estea referido á mesma lingua do módulo a validar. 	<ul style="list-style-type: none"> MPI011. Lingua estranxeira profesional I. MPI012. Lingua estranxeira profesional II.
<ul style="list-style-type: none"> Titulacións universitarias oficiais que puideran corresponder co nivel intermedio (B1) ou superior, e sempre que estean referidas á mesma lingua do módulo a validar. 	<ul style="list-style-type: none"> MPI011. Lingua estranxeira profesional I. MPI012. Lingua estranxeira profesional II.

5. Anexo V

A) Correspondencia das unidades de competencia acreditadas consonte o establecido no artigo 8 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, cos módulos profesionais para a súa validación

Unidades de competencia acreditadas	Módulos profesionais validables
<ul style="list-style-type: none"> ▪ UC0198_2. Cortar tecidos e laminados. ▪ UC0199_2. Cortar peles e coiros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MP0267. Corte de materiais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ UC0196_2. Ensamblar pezas de tecidos e laminados. ▪ UC0197_2. Ensamblar pezas de peles e coiros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MP0269. Confección industrial.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ UC0195_2. Recoñecer materias primas e produtos de confección, calzado e marroquinaria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MP0275. Materias téxtiles e pel.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ UC0450_2. Realizar a montaxe e o acabado de artigos de marroquinaria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MP0603. Montaxe e acabado de artigos de marroquinaria.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ UC0451_2. Realizar a montaxe de calzado por diferentes sistemas e acabamentos. ▪ UC0452_2. Realizar a montaxe de calzado por inxección e vulcanización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MP0604. Montaxe e acabado de calzado.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ UC1502_2. Seleccionar materias primas, produtos manufacturados, ferramentas e máquinas de fabricación de calzado á medida e ortopédico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MP0605. Procesos de elaboración de calzado á medida.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ UC1503_2. Adaptar formas base para fabricar calzado á medida e ortopédico. ▪ UC1504_2. Elaborar calzado á medida e ortopédico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MP0606. Técnicas de fabricación de calzado á medida e ortopédico.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ UC1505_2. Adaptar ou elaborar calzado para o espectáculo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MP0607. Transformación de calzado para espectáculos.

Nota: as persoas matriculadas neste ciclo formativo que teñan acreditadas todas as unidades de competencia incluídas no título de acordo co procedemento establecido no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, terán validado o módulo profesional MP0116: Principios de mantemento electromecánico.

B) Correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación

Módulos profesionais superados	Unidades de competencia acreditables
<ul style="list-style-type: none"> ▪ MP0267. Corte de materiais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ UC0198_2. Cortar tecidos e laminados. ▪ UC0199_2. Cortar peles e coiros.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ MP0269. Confección industrial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ UC0196_2. Ensamblar pezas de tecidos e laminados. ▪ UC0197_2. Ensamblar pezas de peles e coiros.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ MP0275. Materias téxtiles e pel. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ UC0195_2. Recoñecer materias primas e produtos de confección, calzado e marroquinaria.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ MP0603. Montaxe e acabado de artigos de marroquinaria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ UC0450_2. Realizar a montaxe e o acabado de artigos de marroquinaria.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ MP0604. Montaxe e acabado de calzado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ UC0451_2. Realizar a montaxe de calzado por diferentes sistemas e acabamentos. ▪ UC0452_2. Realizar a montaxe de calzado por inxección e vulcani-

Módulos profesionais superados	Unidades de competencia acreditables
	zación.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ MP0605. Procesos de elaboración de calzado á medida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ UC1502_2. Seleccionar materias primas, produtos manufacturados, ferramentas e máquinas de fabricación de calzado á medida e ortopédico.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ MP0606. Técnicas de fabricación de calzado á medida e ortopédico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ UC1503_2. Adaptar formas base para fabricar calzado á medida e ortopédico. ▪ UC1504_2. Elaborar calzado á medida e ortopédico.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ MP0607. Transformación de calzado para espectáculos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ UC1505_2. Adaptar ou elaborar calzado para o espectáculo.

Confederación Intersindical Galega

ENSINO

6. Anexo VI

Organización dos módulos profesionais do ciclo formativo de grao medio de Calzado e Complementos de Moda para o réxime ordinario

Curso	Módulo	Duración	Especialidade do profesorado
1º	▪ MP0267. Corte de materiais.	213	Padronaxe e Confección.
1º	▪ MP0269. Confección industrial.	266	Padronaxe e Confección.
1º	▪ MP0275. Materias téxtiles e pel.	187	Procesos e Produtos de Téxtil, Confección e Pel.
1º	▪ MP0604. Montaxe e acabamento de calzado.	134	Padronaxe e Confección.
1º	▪ MP0608. Formación e orientación laboral.	107	Formación e orientación laboral
1º	▪ MPI011. Lingua estranxeira profesional I.	53	Especialidade da lingua estranxeira en que se imparta o módulo. Padronaxe e Confección. (*) Procesos e Produtos de Téxtil, Confección e Pel. (*)
Total 1º (FCE)		960	
2º	▪ MP0116. Principios de mantemento electromecánico.	105	Padronaxe e Confección.
2º	▪ MP0605. Procesos de elaboración de calzado á medida	53	Procesos e Produtos de Téxtil, Confección e Pel.
2º	▪ MP0606. Técnicas de fabricación de calzado á medida e ortopédico.	139	Padronaxe e Confección.
2º	▪ MP0607. Transformación de calzado para espectáculo.	70	Padronaxe e Confección.
D2º	▪ MP0611. Calzado e tendencias.	70	Procesos e Produtos de Téxtil, Confección e Pel.
2	▪ MP0603. Montaxe e acabamento de artigos de marroquinaría.	87	Padronaxe e Confección.
2º	▪ MP0609. Empresa e iniciativa emprendedora.	53	Formación e Orientación Laboral.
2º	▪ MPI012. Lingua estranxeira profesional II.	53	Especialidade da lingua estranxeira en que se imparta o módulo. Padronaxe e Confección. (*) Procesos e Produtos de Téxtil, Confección e Pel. (*)
Total 2º (FCE)		630	
2º	▪ MP0610. Formación en centros de traballo.	410	

(*) Profesorado con atribución docente no ciclo formativo que posúa a habilitación lingüística que corresponda ao nivel C1 do Marco común europeo de referencia para as linguas, de acordo coa normativa aplicable en Galicia.

7. Anexo VII

Organización dos módulos profesionais en unidades formativas de menor duración

Módulo profesional	Unidades formativas	Duración
▪ MP0608. Formación e orientación laboral.	▪ MP0608_12. Prevención de riscos laborais.	45
	▪ MP0608_22. Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego.	62

Confederación Intersindical Galega

ENSINO